



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito de comunicación

Educación a distancia semipresencial

Módulo 4

Unidade didáctica 16

Educación literaria

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Historia da literatura galega do século XX.....	6
2.1	A literatura galega no primeiro terzo do século XX	6
2.1.1	A poesía no primeiro terzo do século XX.....	6
2.1.2	A prosa do primeiro terzo do XX	9
2.1.3	O teatro do primeiro terzo do XX.....	13
2.2	A literatura galega entre 1936 e 1976	14
2.2.1	A poesía entre 1936 e 1976.....	14
2.2.2	A narrativa entre 1936 e 1976.....	18
2.2.3	O teatro galego entre 1936 e 1976	24
2.3	A literatura do exilio entre 1936 e 1976.....	26
2.4	A literatura galega de 1976 á actualidade	29
2.4.1	A poesía dende 1976.....	29
2.4.2	A Narrativa desde 1976.....	35
2.4.3	O Teatro dende 1976.....	40
3.	Historia de la literatura castellana del siglo XX.....	43
3.1	La literatura antes de la guerra civil.....	43
3.1.1	Modernismo y Generación del 98	43
3.1.2	La Generación del 14 o novecentismo	48
3.1.3	Las vanguardias.....	49
3.1.4	La Generación del 27.....	50
3.2	La literatura desde la guerra civil.....	54
3.2.1	Poesía de posguerra.....	55
3.2.2	Narrativa de posguerra.....	58
3.2.3	Teatro de posguerra.....	63
3.3	La literatura desde 1975.....	66
3.3.1	Poesía a partir de 1975.....	66
3.3.2	Narrativa desde 1975.....	68
3.3.3	Teatro.....	71
4.	Literatura hispanoamericana del siglo XX.....	74
5.	Solucionario.....	81
5.1	Solucións das actividades en lingua galega.....	81
5.2	Soluciones a las actividades en lengua española.....	88
6.	Bibliografía e recursos	94
7.	Anexo. Licenza de recursos	96

1. Introducción

1.1 Descrición da unidade didáctica

Esta última unidade do módulo imos dedicala ao estudo da literatura dos séculos XX e XXI. É, polo tanto, un percorrido moi ambicioso ao longo de moitos anos, tendencias e xeracións literarias. Preténdese acadar unha visión panorámica dos autores e obras máis representativos das literaturas en lingua galega e castelá.

O obxectivo é que vostede coñeza o fundamental deste amplo período e poida, cando dispoña de tempo, achegarse máis polo miúdo ao coñecemento e goce das obras dos autores/as que forman xa parte da historia das nosas literaturas.

1.2 Coñecementos previos

Ao longo destas unidades fixemos un percorrido polos xéneros literarios, polas nocións básicas de métrica, polos diferentes períodos literarios. Traballamos con textos, redactamos comentarios e lemos textos representativos.

É o momento de pór en práctica todos eses coñecementos adquiridos e demostrarse a si mesmo/a que acadou, ao longo destes meses, a capacidade de analizar un texto literario e de gozar moito máis dunha lectura reflexiva e consciente.

A literatura, segundo o profesor Francisco Rico, *é un eco de espellos*, e cada obra, cada lectura, remítenos a outra xa que as ideas básicas do pensamento humano son sempre as mesmas ao longo dos séculos; o que cambia é o xeito de expoñelas.

1.3 Suxestións para a motivación e o estudo

É sempre importante á hora de estudar, botar man de todos os recursos que axuden á nosa memoria a lembrar dun xeito máis doado; é por iso que, como a materia tratada neste apartado é bastante extensa, sería útil que fixese esquemas ou resumos do que vai estudando en cada epígrafe para organizar axeitadamente as súas ideas.

Dispón tamén dun **anexo literario** onde atopará nocións básicas de métrica en galego e español, así como unha antoloxía con algúns textos salientables dos autores representativos de cada época ou movemento literario.

1.4 Orientacións para a programación temporal

Este apartado ofrece unha recomendación para a organización do tempo de estudo que cómpre dedicar a cada unidade didáctica do módulo. O número da unidade resaltado en **letra grosa** será o que se corresponde coa unidade didáctica que está vostede a ler.

Unidade 13. Comunicación oral

A preparación desta unidade precisaría de tres semanas de estudo e traballo.

Habería que dedicarlle unha semana a cada un dos bloques que compoñen a unidade. Tres horas semanais no caso dos dous primeiros bloques, asignadas á comprensión e asimilación dos contidos teóricos e a realización das actividades. No caso da terceira semana de traballo, sería conveniente distribuír ao longo de catro horas o labor de estudo e cumprimento dos exercicios suxeridos no último bloque da unidade.

Unidade 14. Gramática da lingua

Nesta unidade imos abordar contidos de léxico e sintaxe e tamén repasaremos aspectos de semántica, ortografía, puntuación, fonética e acentuación. Combinamos, pois, conceptos novos coa revisión doutros que xa foron aparecendo en módulos anteriores. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

As dúas primeiras semanas estarían destinadas a desenvolver o apartado 2.1, na terceira ocuparase do apartado 2.2, na cuarta, do apartado 2.3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 15. Comunicación escrita

Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade, nuns casos, de repasar e afondar e, noutros, de introducir nestes temas ao alumnado que se incorpora agora ao ensino de adultos. Dedicaremos a esta unidade catro semanas.

A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1.1, a segunda traballaría o apartado 2.1.2, na terceira ocuparase do apartado 2.1.3, na cuarta, do apartado 2.2. Recomendamos que dedique un mínimo de tres horas semanais de traballo e investigación a cada apartado desta unidade.

Unidade 16. Educación literaria

A última unidade do módulo está dedicada ao estudo da literatura do século XX nas dúas linguas que conforman o ámbito (a galega e a castelá). Debido á súa extensión, organizaremos a explicación ao longo de catro semanas, dúas para a literatura en lingua galega e outras dúas para a literatura en lingua castelá.

Lembre que vostede deberá dedicar pola súa conta varias sesións máis á comprensión e aprendizaxe destes contidos, así como á lectura dos textos e exercicios propostos.

Dispón, ademais, dun *anexo literario* onde atopará unha escolma de textos representativos das literaturas nas dúas linguas, así como os principais recursos literarios e nocións básicas de métrica.

2. Historia da literatura galega do século XX

2.1 A literatura galega no primeiro terzo do século XX

2.1.1 A poesía no primeiro terzo do século XX

As Irmandades da Fala

Despois do Rexurdimento comeza unha etapa marcada pola continuidade temática e formal dos seguidores de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez.

Os autores asumen o ideario galeguista como signo da identidade de Galicia.



Destacan neste momento dous autores:

- **Antonio Noriega Varela** reúne no volume *Do ermo* (1904) a súa obra poética na que hai que salientar o seu realismo costumista, a súa paixón por reflectir vida rural e montañesa e o cultivo dunha lingua popular.
- O poeta máis destacado da época das Irmandades foi **Ramón Cabanillas** (1876-1959): *O poeta da raza*. Recolle a inqueda de Rosalía, o celtismo de Pondal e a protesta de Curros introducindo elementos renovadores modernistas. Pódense distinguir catro etapas na súa obra:
 - **Etapa pregaleguista** ou agrarista. Obras: *No desterro* (1913) e *Vento mareiro* (1915).
 - **Etapa galeguista** (ata 1920). O libro representativo é *Da terra asoballada* (1917). Cabanillas convértese no poeta civil de Galicia. A oposición xa non é cacique/labrego, senón Galicia/Castela.
 - **Etapa mítica** (1921-30). No 1926 escribe tres longos poemas narrativos que compoñen o libro *Na noite estrelecida*, no que leva a cabo unha actualización da materia de Bretaña, galeguizándoa e adaptándoa para conseguir unha mensaxe nacionalista.
 - **Etapa de posguerra** (1950-59). Os seus últimos libros son *Da miña zanfona* (1954) e *Samos* (1958), libros cheos de desenganos e morriña.

A poesía de vangarda

A vangarda é un conxunto de movementos artísticos europeos (1910-1930), con afán de ruptura con todo o anterior, unha actitude provocativa que se aplica a todos os campos estéticos: pintura, escultura, música, literatura... Non conciben a arte como imitación da realidade, senón como nova interpretación persoal desta. En poesía prescindían dos moldes tradicionais, ordenando os versos a xeito de caligramas, o poema baséase en imaxes vangardistas.

A variedade de correntes estéticas denomínanse **ismos**. Os seus principios estéticos expoñíanse en manifestos que avogaban pola ruptura coa tradición anterior e proclamaban a liberdade do autor, evitando normas ou regras fixadas.

Os principais movementos de vangarda europeos foron:

- **Futurismo** (Marinetti). Gaba a civilización construída sobre o progreso, a máquina, a electricidade. Para dotar a linguaxe desta idea de acción e movemento suprime o uso de adxectivos e adverbios, así como o emprego da puntuación.
- **Cubismo** (Apollinaire) a partir dalgúns presupostos futuristas. Na súa obra *Caligramas* (1918) amosa a supresión da puntuación e a fusión entre o debuxo e a poesía dispoñendo os versos de maneira que suxiran o tema cantado no poema.
- **Dadaísmo** (Tristan Tzara). Foi o movemento vangardista máis rupturista e provocador de todos. O seu obxectivo era negar todo o establecido até o momento sobre a arte.
- **Surrealismo** (André Breton). Constituíu a maior revolución poética do século e a súa influencia aínda perdura hoxe. Inspirado nas teorías de Freud sobre o subconsciente e a interpretación dos sonhos, defendían o acto creativo puro, liberándoo do plano consciente mediante a escritura automática, asociacións libres de palabras e metáforas insólitas.
- **Creacionismo** (Huidobro). A arte non debe imitar nin explicar a realidade e esta ten que ser autónoma. O poeta será como un deus que crea o seu propio mundo, apoiándose fundamentalmente no uso de imaxes e metáforas.

As vangardas en Galicia

O grupo **Nós** co seu labor restaurador da cultura galega e a súa visión universalizadora abriu as portas á incorporación das vangardas á literatura galega.

Os vangardistas galegos son mozos nados ao redor do ano 1900 que reciben tamén o nome de **xeración do 25**, supoñen unha ruptura e actitude crítica coa poesía anterior: coa tradición de sentimentalismo (saudade, bágoas, queixas), folclorismo (romarías, costumes, rural) e paisaxismo do século XIX, e por primeira vez, na literatura contemporánea, hai unha integración na poesía europea.

As vangardas literarias en Galicia non levaron tan lonxe a súa ansia de ruptura coa tradición e cos seus antecesores. Os *ismos* galegos son unha mestura de tradición e modernidade. Distínguense dúas tendencias vangardistas no dominio literario galego:

Vangarda matizada

- Segue liñas poéticas xa existentes.
- **Hilozoísmo**: baixo unha forma tradicional preséntanos, a base de imaxes vangardistas, unha natureza viva, aberta ao sensorial, ao auditivo, ao visual, fronte ao sentimentalismo e a anécdota. O poema deshumanízase e a paisaxe humanízase. O seu iniciador e representante máis destacado é **Luís Amado Carballo**.
- **Neotrobadorismo**: no ano 1928 **José Joaquim Nunes** publica as cantigas medievais que acadan unha grande difusión e provocan a aparición desta corrente que non é propiamente vangarda, senón unha reformulación de estilos e temas da tradición medieval, engadindo imaxes da poesía moderna. Podemos distinguir dúas tendencias:
 - Unha máis innovadora na que destacan **Fermín Bouza Brey**, *Nao senlleira*, (1933), **Álvaro Cunqueiro**, *Cantiga nova que se chama riveira* (1933), *Dona do corpo delgado* (1950).
 - Outra máis mimética que rematará con **Xosé María Álvarez Blázquez** cando no ano 1953 fai pasar o seu *Cancioneiro de Monfero* por un verdadeiro cancionero medieval.

Vangarda plena

- Rompe coa tradición anterior.
- **Surrealismo**. **Álvaro Cunqueiro**: *Poemas do si e non* (1933), é unha interpretación moi persoal, co fluír da asociación de ideas e a influencia dos soños, pero cun pouso sentimental, gozoso, sen a carga dramática que adoitan ter os textos surrealistas. Tamén se pode ver a pegada do **cubismo** en *Mar ao norde* (1932).
- **Creacionismo**. O seu único cultivador é **Manuel Antonio** (Rianxo, 1900-1930). Personalidade rebelde que representa o mellor expoñente vangardista en Galicia. En 1922 publicou o manifesto *Máis Alá*, anovador pola non adscrición a un -ismo concreto. A súa obra principal é *De catro a catro* (1928).

2.1.2 A prosa do primeiro terzo do XX

Nesta etapa, especialmente de 1916 e 1936, nace e consolídase a narrativa contemporánea en galego, propiciada por un espazo político e cultural galeguista impulsado polas Irmandades da Fala e pola creación de editoriais que favoreceron o acceso aos libros escritos en galego.

Características e autores

Pódense diferenciar catro tendencias principais:

Continuadores do século XIX


- Dan a coñecer as súas obras aproveitando as infraestruturas editoriais creadas polas Irmandades e outros sectores do galeguismo.
- Autores: **Francisca Herrera Garrido**, **Manuel García Barros** (*Ken Keirades*), **Gonzalo López Abente**.

Os narradores das Irmandades

- Coetáneos dos compoñentes do *Grupo Nós* cos que comparten os ideais galeguistas.
- Autores: **Leandro Carré Alvarellos**, **Xaime Quintanilla**, **Armando Cotarelo Valledor**.

O grupo Nós

- Xorde no “*Cenáculo ourensán*”, formado por **Vicente Risco**, **Ramón Otero Pedrayo** e **Florentino López Cuevillas**. O nome do grupo vén dado polo título da revista que empezaron a publicar en 1920.
- Autores: ademais dos citados, **Antón Losada Diéguez** e **Alfonso Rodríguez Castelao**.
- Características do grupo:
 - Procedencia social acomodada e sólida formación intelectual.
 - Ideoloxía que sintetiza o tradicionalismo e o pensamento progresista.
 - Vocación pedagóxica.



- Creadores da prosa galega contemporánea.

Os novecentistas

- Promoveron a creación do *Seminario de Estudos Galegos* (1923).
- Papel decisivo na formación do *Partido Galeguista* (1931).
- Autores: **Rafael Dieste**, **Fermín Bouza Brey**, **Luís Amado Carballo**, **Xosé Filgueira Valverde**.


Autores destacados do Grupo Nós

- **Ramón Otero Pedrayo** basea o seu mundo literario no coñecemento directo da vida campesiña da fidalguía rural. É un home comprometido co galeguismo.

Aínda que cultivou todos os xéneros literarios, destaca como novelista, e podemos diferenciar tres tendencias:

- *Novelas realistas*: *Os camiños da vida*, onde fala da desaparición da sociedade rural tradicional galega, dominada polos fidalgos e polo clero.
- *Novelas histórico-culturalistas*: *A romeiría de Xelmírez*, ambientada no século XII na que conta a viaxe de Xelmírez a Roma para entrevistarse co papa Pascual II.
- *Novelas psicolóxicas*: *Arredor de si*, retrato xeracional do grupo Nós.
- **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** foi unha figura senlleira no panorama político e cultural galego do século XX. Cultivou varios xéneros literarios (drama, ensaio, narrativa) e destacou como debuxante. A súa importancia non reside unicamente na calidade da súa obra literaria e artística, senón tamén no que simboliza e representa para a cultura galega a súa traxectoria vital, como aconteceu coa figura de Rosalía de Castro no século XIX.

- Temas da súa narrativa:
 - Compromiso cos máis débiles.
 - Crítica da marxinação económica galega.
 - Defensa da lingua.
 - Papel protagonista das clases populares.
- Obras narrativas:
 - *Un olo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922),



visión sintética da realidade social, na que sae particularmente maltratada a figura do cacique.

- *Cousas* (1926 e 1929) é o libro máis orixinal de Castelao, son corenta e catro relatos nos que combina, dunha maneira sintética e harmoniosa, o debuxo (que mostra o intre preciso) e a narración. É unha obra que conxuga modernidade e orixinalidade co máis característico da nosa cultura e da nosa personalidade colectiva.
- *Os dous de sempre* (1934). Tanto o título como o debuxo da portada (un paxaro e un sapo) fan referencia aos dous tipos humanos fundamentais: o emprendedor e o conformista. Narra as peripecias vitais e as ambicións de Pedro e Rañolas, contrapostos desde a súa infancia á madurez
- *Retrincos* (1934). Cinco relatos sobre cinco momentos pseudoautobiográficos (“O segredo”, “O inglés”, “O retrato”, “Peito de Lobo” e “Sabela”).



Propoñémoslle que vexa o filme sobre o autor, [Castelao, biografía dun ilustre galego](#), creado na Arxentina entre os anos 1973 e 1976.

Actividades propostas

- S1. Busque información en Internet sobre a *Revista Nós* e a súa pegada na vida literaria e cultural galega de principios de século.
- S2. Comente o texto “O pai de Migueliño” do libro *Cousas* de Castelao.



O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz *non cabía de gozo no seu traxe festeiro*. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero *denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato*.

Os "americanos" xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai *agardaban no peirán do porto*. O corazón do rapaz *batíalle na táboa do peito* e os seus ollos *esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado*.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou *aínda mellor portado*, e Migueliño *sinteu por el un grande amor* e *canto máis se achegaba o "americano", máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos*. ¡Aí!, o *"americano" pasou de largo sen mirar para ningún*, e Migueliño *deixou de quere-lo*.

Agora sí, agora sí que o era. Migueliño *avistou outro home moi ben traxeado* e o corazón *dáballe que aquel era o seu pai*. O rapaz *devecíase por bicalo a fartar*. ¡Tiña un porte de tanto señorío! ¡Aí!, o *"americano" pasou de largo* e *nin tan siquera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno*.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguría, fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que *non se parecía ó retrato*; un home *moi flaco, metido nun traxe moi floxo*; un home *de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...*


Aquel sí que era o pai de Migueliño.

- Resuma en dúas liñas o texto que acaba de ler.
 - Cal é o tema deste texto?
 - Comente o espazo e o tempo.
 - Redacte unha conclusión sobre a lectura.
- **Vicente Risco** foi o director da revista *Nós*. A súa narrativa é didáctica e ten un forte contido ideolóxico.
 - Obras narrativas:
 - *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*, no que relata en ton humorístico o mundo de ultratumba.
 - *O porco de pé*, novela satírico-burlesca na que o seu protagonista, don Celidonio, home vulgar e inculto, satiriza unha burguesía que só vive para o diñeiro.

Autores novecentistas

Pertencen a el un grupo de escritores nados a comezos do século XX. O autor máis destacado foi Rafael Dieste.

- Rafael Dieste
 - Entre 1929 e 1933 levou a cabo un labor de difusión do teatro por vilas e aldeas (Teatro Guiñol das Misións Pedagóxicas).
 - Obra: *Dos arquivos do trasno* (1926), colección de contos de temática variada que xiran ao redor da psicoloxía e das experiencias extraordinarias da xente galega.



O ensaio e a prensa no grupo Nós

Todos estes autores foron tamén os impulsores do **ensaio** e a investigación en galego, en torno ao *Seminario de Estudos Galegos*, grupo nacido na Universidade de Santiago. As canles de difusión foron *A Nosa Terra* (voceiro das Irmandades), a revista *Nós* e outras publicacións como *El Pueblo Gallego*.

- **Vicente Risco** publicou no 1920 *Teoría do nacionalismo galego*, que servirá de guía dos nacionalistas antes da II República.
- **Castelao** publica en Buenos Aires *Sempre en Galiza* (1944) onde partindo de ideas propias e alleas elabora unha nova teoría do nacionalismo, comenta a

actuación da República... Converteuse na biblia do galeguismo despois da guerra civil. Ademais do ensaio político, Castelao escribiu tamén multitude de ensaios no terreo artístico.

- **Otero Pedrayo** dedicouse fundamentalmente aos estudos xeográficos e históricos, entre os que podemos destacar *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1930).

2.1.3 O teatro do primeiro terzo do XX

O teatro das Irmandades da Fala

- Deixa de ser un divertimento para converterse nunha arma política, reivindicativa.
- Diversifícase a oferta teatral: teatro histórico, social (denuncia da emigración e caciquismo), señorial (de pazo), cómico, infantil e comedia burguesa.
- En 1919 a Irmandade da Coruña crea o **Conservatorio Nazonal de Arte Galega**, que fará máis de cen representacións por ano, e outras Irmandades organizan tamén as súas "agrupacións artísticas".
- Autores e obras:
 - **Ramón Cabanillas**: *A man da santiña* e *O mariscal*.
 - **Antón Villar Ponte**: Tríptico teatral, que inclúe *A patria do galego*, *Entre dous abismos* e *Almas mortas*.

O teatro das Vanguardas

- Supón a inclusión na modernidade do teatro galego.
- Autor e obra:
 - **Rafael Dieste**. Seguindo a corrente simbolista achegou o teatro ás artes plásticas. Obra: *A fiestra valdeira* (1927), comedia simbólica sobre a identidade (individual e colectiva).

O teatro da Xeración Nós

- Deulle un pulo extraordinario desde o punto de vista literario, facéndoo participar tamén das correntes europeas.
- Aparición dos primeiros elementos simbolistas e surrealistas, superando o realismo do anterior. A partir de agora non só van falar galego labregos e caciques, senón tamén fidalgos e princesas, bocois e sapos, pipotes e penedos, os santos do Pórtico da Gloria, os fantasmas...

- Autores e obras:
 - **Vicente Risco** escribiu unha única peza teatral, *O bufón de El Rei*, drama simbolista que relaciona a deformidade física e a moral.
 - **Ramón Otero Pedrayo**. As súas obras teatrais son máis apropiadas para a lectura que para a representación escénica: *A lagarada* (1928), *Teatro de máscaras* (1975), *Teatro ignorado* (1991).
 - **Castelao** estreou en 1941 en Bos Aires *Os vellos non deben de namorse*, comezada moitos anos antes. Non concibía o teatro como un simple texto senón como un espectáculo global, polo que adquiren unha grande importancia os artificios de escenografía (iluminación, decorados, máscaras dos personaxes...) e utiliza tamén outras artes, como a música.

2.2 A literatura galega entre 1936 e 1976

2.2.1 A poesía entre 1936 e 1976

Como consecuencia da guerra civil, desaparece case por completo a produción literaria en galego durante máis dunha década. A actividade cultural continuada só é posible no exilio, onde poetas como Luís Seoane, Lorenzo Varela e Emilio Pita fan poesía crítica e de compromiso.

Esta situación provoca que vexan a luz simultaneamente as obras de tres xeracións diferentes:

A Xeración do 36

- Poetas nados entre 1910-1920.
- Viviron a guerra, feito traumático para eles.
- Son poetas de culturas e estilos moi diferentes.
- Autores e obras:
 - **Celso Emilio Ferreiro**: un dos grandes representantes do socialrealismo, aínda que tamén trata temas satíricos e intimistas. Obras: *O soño sulagado*, *Viaxe ao país dos ananos*, *Longa noite de pedra* (1962), cuxo título se converteu en metáfora para referirse á ditadura.
 - **Aquilino Iglesia Alvariño**: a súa poesía procura a perfección formal clasicista. Obra: *Cómaros verdes* (1947), integra as principais correntes da poesía de posguerra (hilozoísmo, clasicismo, ruralismo paisaxista e neotrovadorismo).

A promoción de enlace

- Poetas nados entre 1920-1930.
- Formados culturalmente en castelán, escriben primeiro nas dúas linguas.
- Viven o drama social da posguerra e a pobreza cultural dunha sociedade censurada e bastante illados da cultura europea.
- Escriben poesía social e poesía intimista.
- Autores e obras:
 - **Luz Pozo Garza**: os primeiros poemas eran vitalistas e sensuais: *O paxaro na boca* (1952); despois, evoluciona cara a unha liña onde se manifesta a angustia, o desamor, a presenza da morte e a preocupación por Galicia en *Verbas derradeiras* (1972).
 - **Antón Tovar**: reflexiona nos seus poemas sobre o sentido da vida e da morte dun xeito pesimista; poesía desgarrada na procura dun Deus ausente. Obras: *Arredores*, *O vento no teu colo*, *Calados esconxuros*.


Poetas das Festas Minervais

- Poetas nados entre 1930-1940.
- Chámanse así porque case todos foron premiados nas Festas Minervais da Universidade de Santiago.
- Non coñecen a guerra civil.
- Buscan referentes culturais no mundo anglosaxón e francés (jazz, cómic, rock...).
- Son activistas nacionalistas de esquerda na clandestinidade.
- Crearon o grupo *Brais Pinto* e fundaron a editorial do mesmo nome.
- Autores e obras:
 - **Uxío Novoneyra** (O Courel, 1930-Compostela, 1999). Poesía fundamentalmente paisaxística pero profundamente persoal; describe a natureza espida do Courel, onde o ser humano é un elemento mínimo dentro da inmensidade cósmica. Obras: *Os eidos* (1955) e *Os eidos 2* (1974).

Tamén aparece ás veces a preocupación social e política.

- Obras: *Poemas caligráficos*, *Muller pra lonxe*.

- **Manuel María** (Outeiro de Rei, 1929 - A Coruña, 2004). A súa obra poética trata todo tipo de temática: social, amorosa, intimista, elexíaca... O seu éxito radica no compromiso do autor co seu pobo, co que se mostra solidario en todo momento.




Manuel María

Podemos destacar tres etapas de expresión poética:

- **Poesía existencialista** (Escola da Tebra). Manifesta a súa preocupación polos principais problemas do home que mesmo o levan á meditación relixiosa. Obras: *Muiñeiro de brétemas* (1950), *Advento* (1954).
- **Paisaxismo renovador**: *Terra Cha* (1954), poesía na que o autor se sente solidario, comprometido cos homes e mulleres que conforman o seu espazo vital.
- **Poesía socialrealista**: de forte ton crítico. Obras: *Documentos personaes* (1958), *Mar maior* (1963).

Cultivou tamén narrativa, teatro e poesía para nenos: *Os soños na gaiola* (1968).

- **Xosé Luís Méndez Ferrín** (Ourense, 1938). Os seus inicios como poeta están unidos á Escola da Tebra (*Voce na néboa*, 1957), escribiu poesía social baixo o heterónimo de Heriberto Bens (sempre formalmente máis coidada que o socialrealismo do momento) pero o seu libro máis importante é *Con pólvora e magnolias* (1976), que supón un camiño novo na literatura galega, achegando novos temas, nova linguaxe poética... Neste libro combínase a poesía revolucionaria –a pólvora- co lirismo intimista (a lembranza do pasado, o paso do tempo, o amor, a morte) e o luxo estético –as magnolias-.



Xosé L. Méndez Ferrín

Actividade proposta

- S3. Imos ler e comentar un poema de Celso Emilio Ferreiro pertencente ao libro *Longa noite de pedra* (1962).

Lingoa proletaria do meu pobo
eu fáloa por que sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña;
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa por que sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingoa.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruíns e poderosos,
non falo pra os finchados,
non falo pra os estúpidos,
non falo pra os valeiros,
que falo pra os que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.
E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente o mar, ise camiño...

- Diga o número de estrofas que ten poema.
- A que libro pertence o poema e en que ano foi publicado?
- Que repercusión social tivo este libro? Que temas aparecen nel?


- En cal destes temas incluíría o poema comentado?
- Atopa algunha relación entre o tema deste poema e o momento histórico no que foi escrito?
- O poema é unha declaración de principios sobre as razóns do poeta para expresarse en lingua galega. Na primeira estrofa cítanse dúas destas razóns. A primeira é porque lle dá a gana; cal é a segunda?; e que outra nova razón dá?
- Na terceira e última estrofa o poeta explica a quen van dirixidos os seus poemas. - Para quen non fala?; para quen fala?; por que Galicia está no grupo dos destinatarios dos seus versos?
- Escriba unha frase que sirva para resumir o asunto ou tema deste poema.

2.2.2 A narrativa entre 1936 e 1976

No 1947 comeza a recuperación coa publicación do primeiro libro de poesía ata a constitución, en 1950, da Editorial Galaxia. En coleccións como *Salnés* ou *Illa Nova* conviven xeracións diferentes que comezan a publicar nun primeiro momento poesía e un pouco máis tarde prosa:

Pódense distinguir varias tendencias:


- **Narrativa continuadora do grupo Nós.** Risco, Otero Pedrayo ou Carballo Calero, pertencente á Xeración do 36 e autor da primeira novela de posguerra, *A xente da Barreira* (1951), que narra a vida de varias xeracións dunha familia fidalga.
- **Narrativa fantástica.** Representada pola obra de **Álvaro Cunqueiro**. Céntrase nun mundo mítico e intemporal, dominado polo soño e polo idealismo. Obra: *Merlín e familia* (1955), recreación da materia de Bretaña desde a particularidade dunha perspectiva galega.), *As crónicas do sochantre* (1956), *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961).
- **Narrativa realista.**
 - **Relato popular.** O popular ascende á categoría de culto a través dun texto que nunca se afasta do relato oral, da ambientación rural e da lingua popular. **Anxel Fole**. Obra: *Á lus do candil* (1953) e *Terra Brava* (1955) ambientados nas montañas de Lugo e escritos na modalidade de lingua que alí se fala. Seguen a técnica dos relatos populares,



Álvaro Cunqueiro

tradicionais, que se contaban antes “á luz do candil” entre varias persoas. Os temas tamén seguen esa tradición oral: contos de lobos, de aparecidos e premonicións da morte, de lendas populares (a santa compañia...) combinados cun agudo sentido do humor e normalmente explicados pola lóxica.

- **Realismo social.** Obras que plasman a vida das clases obreiras ou marxinais, denunciando as inxustizas que padecen. Eduardo Blanco Amor. Obras: *A esmorga* (1959) e *Xente ao lonxe* (1972). [Verémolo máis detidamente na literatura do exilio, no epígrafe 2.3]
- **Memorias de infancia.** Subxénero iniciado por **Xosé Neira Vilas**, coñecedor de primeira man das penurias da vida labrega, non exento de denuncia. Obra: *Memorias dun neno labrego* (1961), *Historias de emigrantes* (1968).



Xosé Neira Vilas

Actividade proposta

S4. Lea o seguinte texto de Álvaro Cunqueiro

Sinbad é alto, afeitado, e ten andar de muita gravedadá, aínda que teña a perna dereita un chisco máis curta que a esquerda; ten barba branca moi mesta e sin partir, e cáse tódolos xoves coa navalla de pulso faille un arredondo, e pra que se volva na punta pon polas noites brizadoras de pausanto. Gasta sempre turbante de dril tirando a marrón, i é mui encellado, e por debaixo da silva pilosa amosa a i-alma pólos grandes ollos mouros. Digo que amosa a i-alma póla inocencia i entusiasmo do seu ollar, porque os ollos seus non calan nada, nin bulras nin veras, e adiantándose, cando Sinbad fala, ás verbas súas, alertando, sorrindo, atristando. Ás veces poidéranse ver países en festa nos ollos seus. Ten un falar mui súpeto, e vai decindo mui seguido e rápido, e párase e mete un silencio que pode ser dun coarto de hora. Unha vez contaba dunha viaxe á Malaca, ao grán pimenta, i estaba decindo por onde as vagas dos estreitos, e neste calou, e pasaba o tempo e calaba, e preguntáronlle por qué non seguía e non contestou, e pasou outro tempo e tódolos presentes ollaban pra el, de pé e as mans diante, palpando o aér, e botou todo o corpo á esquerda, endereitouse, sorriu e seguiu falando, pedindo denantes de tomar o fío da historia, que perdoasen o suspenso, pro que estaba a marea no avalo en aquel Saopang de que falaba, e tivera que facer uns tecidos nas correntes, e salvara a nao metendo todo a estribor. Sentado, Sinbad non está nunca quedo, e todo é mecer o cú no asento, e pór o pulgar dereito no narís e aspirar cheiros; adiviná así moitas veces de qué país ven a xente que atopa no páteo da fonda, ou no peirao, ou nun camiño. Sentado tan mariñeiro como é, non por eso deixa de ser labrego, i érguese de cedo par regar no horto e limpar o canle do saído e arrincar o mercurial, e acáeselle mui ben o sacho, e poda i enxire, e sempre ten mui bós repolos e alcachofas sevillanas.

- O texto presenta unha descrición moi completa de Sinbad. Anote os distintos trazos que utiliza para levala a cabo:
 - Trazos físicos e relativos á xestualidade e vestuario.

- Trazos relativos á personalidade.
- Trazos relativos ao comportamento.
- Procure información sobre o personaxe do Simbad de *As mil e unha noites*. Que diferenzas atopa con respecto ao de Cunqueiro?

A nova narrativa galega

Nas década dos 50 e os 60 producíronse grandes cambios nas manifestacións artísticas en Europa que van marcar a evolución dos anos seguintes. En Galicia aparece un grupo de escritores que incorpora á narrativa novos motivos e novas técnicas relatoras: son os integrantes da **Nova Narrativa Galega**.

O movemento iníciase en 1945 coa publicación de *Nasce un árbore*, de **Gonzalo Mourullo**; a data de peche xa é máis discutida, hai quen o dá por finalizado en 1960 con *Cambio en tres*, de **Carlos Casares**, mentres outros prefiren alongar este período ata 1980, cando **Camilo Gonsar** publica *Cara a Times Square*.

Características

- Temática existencialista.
- Visión pesimista da realidade.
- Personaxes antiheroes.
- Emprego de diferentes técnicas narrativas: monólogo interior, multiperspectivismo...
- Ruptura lineal do tempo: saltos cara adiante e atrás, ausencia de sucesión lóxica dos feitos...
- Espazos urbanos.
- Ambientes oníricos.
- Autores e obras:
 - **Xosé Luís Méndez Ferrín** (Ourense, 1938), cunha obra moi extensa e moi relacionada entre si, formada por novelas e relatos curtos que comparten a creación dun mundo fantástico, con forte presenza de violencia e elementos políticos tratados de forma alegórica. Obras: *Percival e outras historias*, *O crepúsculo e as formigas*.

- **Carlos Casares** (Ourense, 1941-Vigo, 2002). Obras: *Vento ferido*, *Cambio en tres*, *Xoguetes para un tempo prohibido*, *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán*.
- Destacan tamén María **Xosé Queizán** (*A orella no buraco*), **Camilo Gonsar** (*Lonxe de nós e dentro*), **Xohán Casal** (*O camiño de abaixo*) e **Xohana Torres** (*Adiós, María*).

Actividades propostas

- S5. Lea o relato “O Suso” pertencente ao libro *O crepúsculo e as formigas* de Xosé Luís Méndez Ferrín.

O SUSO

A voz de Suso chegou a min fortemente, como unha corneta que rinchase:

–Manolito. Baixa.

Baixa. Eu obedecín. Todos os rapaces da Barbaña obedeciamos ao Suso. El era sorprendente. Tiña uns ollos escuros, ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posible deixar de cumprir os seus desexos. El non mandaba, simplemente desexaba. Estivera tirando pedriñas contra os vidros da miña habitación. Eu abrira a fiestra e el berroume duro:

–Manolito. Baixa. Baixa.

Baixei. Desencolgueime pola vella cepa, máis vella que o meu avó, aquela tan vella que facía garda inmóbil na porta da nosa casoupa da Barbaña.

–Hai un rapaz no río –dixome o Suso.

Eu non lle demandei se é que o rapaz afogara. Pero voltei a testa, inquirindo, como a testa dunha víbora. Respondeume:

–Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos... Éche un rapaz. Detívose e preguntoume pregando o entrecello:

–¿Tes medo?

¿Ía eu permitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo.

Pero o caso é que todos os rapaces da Barbaña tolearían de pracer se o Suso os fora tirar do leito ás dúas da mañá para ir ver un afogado. E eu mesmo sentía un pracer xugoso e doce, coma se mordera unha grande mazá que me enchera a boca.

Pero eu tiña medo e sabía que chegado o intre había ter aínda máis medo. Dixenlle:

–Non. Non teño medo. ¿E logo?

Puxémonos a andar á beira do río.

A néboa era lixeira, como un cristal algo sucio. Ía frío. Saíra con roupa de menos e cando me dei de conta daba dente con dente.

–Estou atrecido, Suso.

El non respondeu. Agora que recordo xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río.

Daba eu un paso e un medo novo botábame unha poutada igual que un gato bravo, irritado.

Ergueuse vento e tiven máis frío. Pero, sobre todo, molestoume o grande rumor dos canavais, axitados como unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa cara morena e fina que el tiña e os xeitos seguros. E a punto estiven de berrar: o Suso ía coa cabeza baixa, camiñando con pasos inseguros, todo denotando nel inseguridade. Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos. El non fixo nada

máis que isto: olloume fixamente, fixamente. Como só el sabía ollar. Eu recuperei a calma no acto.

Saquei dous pitos que lle roubara ao meu pai. O Suso dixo que non coa cachola. Eu acendín un. Pareime. O Suso seguía a andar. Deime de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún ruído e por segunda vez estiven a punto de berrar... Pero mordín o labio inferior e seguí, notando que un delgado sangue me escoaba polo queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min, enriba dunha cañería de formigón armado. Pareceume alto e lonxe. E moito. Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta:

–Manolito. Xa chegamos. Está na beira, ti busca por alí. Eu vou por alá.

As últimas palabras removéronme e puxéronme a carne de galiña. Tatexei:

–Non... Non...

E el repetiu:

–Eu vou por alá.

Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise.

E eu púxenme a buscar o rapaz afogado ao resplandor escasísimo que viña do barrio do Couto. O vento rizaba a auga porca do Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha sucia man. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo.

E atopei ao rapaz afogado na beira, a flor de auga.

Foise o medo inexplicablemente.

Era un rapaz –visto entre a néboa, entre a auga, á luz lonxana do Couto– de proporcións parellas ás do Suso ou ás miñas. Chamei: –Suso. Suso. Suso.

Fungaban –iso si– as canas, pero o Suso non me respostou.

–Suso. Suso. Suso.

Deille a volta, moi asustado, pero sen medo. Deille a volta. O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra. Tiña os ollos do Suso.

Tiña a admirada cara do Suso.

O rapaz afogado era o Suso. Botei un berro liso e longo como unha lombriga. A néboa espesara. O vento quería fender os canavais. Voltei a berrar e o berro foi outra vez longo e repulsivo. Caín. Erguinme. Inicieí unha carreira cega.

Ao final da miña fuxida de pequena besta horrorizada, estaba a miña casa. E metínme na cama acorado e molladísimo.

Pasou o tempo.

Pasou o que quedaba de noite, nun estado de semiinconsciencia.

E toda a rapazallada do barrio comezou a berrar baixo da miña fiestra.

–Manolito. Manolito.

O Suso afogou onte no río. O Suso afogou onte no río. Erguinme e mirei o río. Era día grande. Non había néboa.

- Cal é o tema do relato?
- Cantos personaxes aparecen nel? Como están caracterizados?
- Onde e cando se desenvolve a narración?
- Como é a voz do narrador?

S6. Lea o relato “Coma lobos” do libro *Vento ferido* de Carlos Casares.

Agora pasou xa e non hai paragüeiro que o arranxe i é millor calar por si acaso, por si volven e te untan e che din veña vostede connosco, que cho poden decir, e te levan, que te poden levar e métente alí naquil cuartiño e preguntanche ¿ónde estaba vostede o sábado ás dúas da mañá?, eso por che preguntar algo, e ti non sabes qué decir e sóltanche un viaxe i aguantas porque inda que non queiras, aguantas, Eduardo, aguantas ou te perdes, aguantas como aguantan todos, anque despois os amigos che digan que ti non tes o que ten que ter un home porque si mo fan a min mórdolles o corazón, que todo o mundo é moi valente, todo o mundo, pero xa se viu que cando entraron na taberna e preguntaron polo Roxo, ninguén se atrevéu a defendelo i eso que todos eran amigos dil, pero cando lle dixeron Roxo, veña vostede connosco, ninguén protestou. I agora o Roxo está podrecendo i o mal foi dil que morréu por se meter onde non debía, que o tiñamos ben avisado, que lle tiñamos ben dito mira, Roxo, que vas acabar mal, mira que vas por mal camiño, pero il era testarudo e non fixo caso, porque volta que todos os homes somos iguais e que temos dereitos, home sí, eso sabémolo todos, me cago na puta, tamén o sei eu, pero non se pode falar, que non, home, que non se pode i hai que aguantar e deixar os dereitos i as valentías a unha beira e si mexan por ti, deixa que mexen, que pró que han levar... E de nada che val que vaias alí e lle digas aquí estou eu que son irmau do Roxo e veño a lles preguntar qué fixeron do meu irmau, que lle como o fígado ó desgraciado que fose, que non che val de nada e vanche decir que eles non saben, que alá o xuez i ó millor cóllente e mañá apareces ti tamén tirado nunha cuneta. I ó que te azuce e che diga que non eres home, que non eres merecente de ser irmau do Roxo, dille que cale, que a vida é así i o que manda, manda i o que non, non manda nada, dígocho eu, Eduardo, dígoche de corazón que a ti non te nomearon pra nada, pra nada, Eduardo, pra nada, porque o meu fillo é testigo de que soilo lle dixeron ten que vir connosco pra arranxar un asunto i o teu irmau díxolles que non iba, que il estaba bebendo e que non tiña ningún asunto que arranxar fora de alí i entón iles sacaron as pistolas e xa non falaron máis i o Roxo mirou prós compañeiros e preguntoulles ¿e que xa non hai homes? e iles calaron coma mortos pois outra cousa non se podía facer si non querían morrer todos alí e naquil intre chegou a Sara e díxolles ¿ónde levan ó meu home?, pero non lle contestaron nada, que eu penso que iles iban cocidos, que o Roxo era moito home e tiñan medo de que se lles repuxera. Mandárono subir á camioneta branca e marcharon con il cara o monte do Sarnadoiro. O demais xa o sabes ti. Aparecéu morto dun tiro na cabeza. Agora xa pasou. I é millor calar. Tamén calou o médico cando lle levaron ó fillo. Sonche cousas da vida e dos homes, que somos lobos unhos prós outros, coma lobos, Eduardo, dígocho eu, coma lobos.

- Sitúe o libro no contexto da literatura galega.
- A quen se dirixe o narrador do relato titulado “Coma lobos” e por que?
- Que rasgos permiten a súa ascrición á Nova Narrativa Galega?
- Busque en Internet e diga como está estruturado o libro e como están enlazadas as diferentes historias?
- Cal é o fio condutor do relato? En que persoa está narrado?

2.2.3 O teatro galego entre 1936 e 1976

En Galicia, entre 1950 e 1965, escríbese un teatro máis pensado para ler que para representar, dirixido a unha minoría intelectual galeguista e coñecedora do teatro francés, que utilizaba os mitos e personaxes da traxedia clásica grega para expoñer conflitos do mundo actual, e con influencia do existencialismo.

Anos 50

- **Teatro que continúa a liña vangardista da preguerra.**

Autores: *Ramón Otero Pedrayo, Anxel Fole, Jenaro Marinhas del Valle.*

- **Teatro de angustia existencial:** dá conta da situación dramática que se vive coa dictadura.

Autores: *Xosé Luís Franco Grande, Manuel María, Isaac Díaz Pardo.*

Anos 60. Grupo de Enlace

- O teatro aparece como unha canle para reivindicar o nacionalismo clandestino.
- Os autores serven de modelo a xeracións posteriores.
- Achégase o teatro ao pobo.
- Crean o teatro infantil.
- Autores: *Manuel María, Xohana Torres, Daniel Cortezón, Bernardino Graña...*

Actividade proposta

- S7. Lea o seguinte fragmento de *A noite vai coma un río* de Álvaro Cunqueiro e despois faga o comentario respondendo as preguntas que se lle formulan.

Sala na torre de dona Inés, no pazo de Valverde. Unha porta abre sóber do patio grande. Hai unha fiestra ó fondo, e unha escadeira rube ao primeiro andar. Hai xerros con froles no chan e na táboa, e da parede, moi branca, colgan macetas con enredadeiras e rosacresta roxa. Ao pé da cadeira hai un gran espello de parede.

ESCENA I

Ama Modesta e varias mulleres, aldeás, vestíndose, atando fardelos, recollendo roupa en cestos. Unha ten un neno no colo.

MULLER 1ª –¡Hai que irse! Xa vai pra unha hora que amanece.

MULLER 2ª –Aquí crarexa primeiro pola banda do mar, e na miña terra por tras os montes.

MULLER 3ª –¿Hai moitos montes? Nós fuximos dos chans do pan.

MULLER 2ª – Os montes, coma son moitos e tan altos, parez que non houbera outra terra no mundo máis ca eles. Nós estabamos nunha cunquiña de pasteiros e prados, con catro vacas.

AMA MODESTA –¿Deixástedes a facenda?

MULLER 2ª –Viñeron pola noite os soldados e deitáronse no palleiro. Deloutro día levaron as vacas. Un gordo ao que lle dicían si señor a cada paso, deunos un papel selado: “Cando remate todo, oito vacas a estes”, di. O gordo era moi bebedor e palaciano e ao falarche dábache cachetadiñas nos papos. Non parecía home de guerra, agás polo gorro.

MULLER 1ª –¡Ímonos que vai ser día! ¡Gracias polo pan e pola noite de cama do meniño!

MULLER 3ª –O pan dao Deus.

MULLER 2ª –Ao gordo sabíalle o pan noso, mourelo.

MULLER 3ª –O pan do monte acoda mal, e ao amasar hai que promediarlle a auga con tino, para que desapegue.

MULLER 2ª –Ao gordo sabíalle.

AMA MODESTA –Nunha hora corta estades no camiño real. Non digades a ninguén que durmíchedes aquí. E non víchedes homes por esta banda. Hai que axudarse os uns aos outros, e non queremos que manden gardas. Queremos paz. Esto é outro país.

MULLER 2ª –Xa se coñece. Aquí prenden algo na fala.

MULLER 1ª –Xa é hora. ¡Gracias outra vez pola noite e o abrigo!

MULLER 3ª –Se pasa un roxiño de pelo que gasta brusa moura, pregúntelle se se chama Andresiño. É fillo de meu.

MULLER 2ª –Os meus nenos pasaron cos avós pola mariña hai xa cinco días. Eu fiquei na casa por se o gordo volvía do acordo de levarse as catro vacas, ou remataba a liorta.

MULLER 1ª –¡Xa é día! ¡Cantan galos!

AMA MODESTA –¿Non tes xente?

MULLER 1ª –A naide, agás o meniño.

MULLER 2ª –Pois ben veces te parabas e quedábaste mirando para atrás. ¡Levas moito medo! O gordo díxome que para pasar, o millor era ir ao descuidado, coma de paseo.

MULLER 1ª –Teño présa, ama. Moitas gracias.

MULLER 2ª –¡Gracias! ¡Hémonos ver!

MULLER 3ª –¡O pan era branco! ¡Deus o aumente! Saen as mulleres. Fica soia Ama Modesta, limpando, recollendo.

- Que personaxes interveñen no diálogo?
- En que lugar se sitúa a escena?
- Que información achegan as anotacións?
- Cal é o tema principal que se deixa ver a través deste diálogo?
- Como se estrutura o diálogo?

2.3 A literatura do exilio entre 1936 e 1976

A ditadura franquista impuxo unha política uniformadora destinada a suprimir todo elemento de identidade nas nacionalidades históricas. O idioma galego foi obxecto dunha implacable persecución. Durante anos, a súa utilización escrita considerouse como un “delito” e como síntoma de “mal gusto” a utilización na fala. Na administración, na igrexa, na escola, na prensa, na radio ou na televisión, empregábase exclusivamente o castelán. Con esta marxinação, o franquismo procuraba que os habitantes de Galicia perdesen a súa identidade.

Durante moitos anos a cultura galega mantívose unicamente no exilio. A cidade arxentina de Bos Aires converteuse na capital da cultura galega a raíz de que moitos exiliados desta terra atoparan alí refuxio: Castelao, Blanco Amor, Rafael Dieste ou Luís Seoane.

Poesía

Destacan estes autores:

- **Luís Seoane** (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979). Creador polifacético (pintor, poeta, ensaísta, dramaturgo) coa guerra civil exiliouse a Bos Aires e alí desenvolveu unha intensísima actividade cultural: funda revistas (*Galicia emigrante*), fai radio, ilustra libros... Xa en Galicia crea con Isaac Díaz Pardo o Laboratorio de Formas de Galicia, orixe da cerámica de Sargadelos.

Dentro da súa produción poética, habería que destacar: *Fardel de eisilado* (1952), *Na brétema*, *Sant-Iago* (1955) e *As cicatrices* (1959). Esta poesía está dominada polo forte compromiso ético coa realidade social e humana de Galicia, abordando así temas como o exilio, a emigración ou o sometemento dos humildes en calquera época da historia.

- **Lorenzo Varela**. (A Habana, 1916–Madrid, 1978). Na súa obra poética destacamos *Catro poemas para catro gravados* (1944) e *Lonxe* (1954). Estas obras están condicionadas pola experiencia persoal e pola vivencia de Galicia.

Prosa

Narrativa

- **Eduardo Blanco Amor**. (Ourense, 1897-Vigo, 1979). En 1919 emigrou á Arxentina. De 1929 a 1931 e de 1933 a 1936 viaxou a España como correspondente do xornal *La Nación*. Foi entón cando entra en contacto cos membros da **Generación del 27**, moi especialmente con Federico García Lorca,

con quen mantivo amizade. Despois da guerra considerouse un exiliado galego máis na Arxentina. Alí pasaría a maior parte da súa vida, escribindo libros e desenvolvendo unha intensa actividade cultural no ámbito do teatro, da radio e da prensa (foi director das revistas *Céltiga* e *Terra*). En 1962 regresou a Galicia e morreu en Vigo en 1979.

A *esmorga* (1959) adoita considerarse, por moitas razóns, unha das obras mestras da literatura europea do século XX. A novela recolle o relato trágico que un personaxe, Cibrán, pertencente ao mundo suburbano, lle fai a un xuíz anónimo e calado dos violentos e fatais acontecementos protagonizados por el e outros dous compañeiros (o Bocas e o Milhomes) nun día de esmorga.

A lectura da obra lévanos até as miserias da realidade e da natureza humana. En primeiro lugar, porque a través do diálogo xordo entre o acusado, protagonista principal, e o xuíz, sen voz e sen rostro, sobreentendemos a existencia dunha xustiza prepotente que condena de antemán; e, en segundo lugar, porque somos testemuñas da



Eduardo Blanco Amor

autodestrución dos tres personaxes principais; coma se os tres estivesen predestinados, guiados por un mal fado, e avansasen irremediabilmente cara ao seu triste final; é dicir, a súa propia destrución. Na novela tamén destaca o tratamento do tempo. Todo o narrado sucede en apenas vintecaturo horas; é dicir, aplícase a técnica da redución temporal.

Outros destacados narradores do exilio foron **Silvio Santiago** (*Vilardevós*) ou **Ramón de Valenzuela** (*Non agardei por ninguén*).

Ensaio

- **Alfonso R. Castelao** (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950). Ademais de editar o estudo *As cruces de pedra na Galiza* (1950), contribuíu decisivamente á consolidación do xénero ensaístico galego cunha obra monumental considerada por moitos como a biblia laica do nacionalismo galego: *Sempre en Galiza*. A primeira edición apareceu en Bos Aires en 1944. *Sempre en Galiza* é un ensaio composto por materiais moi heteroxéneos, escrito en épocas diversas e en diferentes circunstancias, marcadas sempre pola condición de desterrado ou exiliado. Con esta obra manifesta o seu compromiso político co nacionalismo e o seu antiimperialismo, mostrando a marxinación de Galicia, as inxustizas sufridas polas clases populares e propoñendo accións concretas para construír unha Galicia máis xusta, integrada dentro dunha federación de pobos e guiada por unha política progresista.

Outros destacados ensaístas da diáspora foron **Antón Alonso Ríos**, **Xosé Nuñez Búa** ou **Xerardo Álvarez Gallego**, quen escribiu a biografía *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*.

Teatro

- **Castelao** deixa tamén unha fonda pegada no panorama dramaturxico do exilio ao escribir unha das pezas teatrais de maior trascendencia na nosa literatura: *Os vellos no deben de namorarse*. A obra estréase en Bos Aires en 1941. Ademais do seu atractivo como comedia, a obra é todo un logro estético grazas á aplicación naquel tempo de enxeñosos e orixinais recursos moi innovadores na escenografía, iluminación e movemento de personaxes no escenario.
- **Luís Seoane**. A súa obra está composta polas obras *A soldadeira* (1957), *Esquema de farsa* (1957) e *O irlandés astrólogo* (1959). Seoane apostou por un teatro que conxuga tradición e modernidade, un teatro vivo que se poida representar en cada sitio.
- **Eduardo Blanco Amor**. O conxunto de obras teatrais aparece reunido no volume *Farsas para títeres* (1953) no que destacan *Romance de Micomicón* e *Adhelala* ou *Anxélica no ombral do ceio*. Son obras non realistas, moi imaxinativas, de ritmo rápido e grande forza expresiva, cheas de elementos fantásticos e satíricos, próximas ao esperpento valleinclaniano e ao teatro do absurdo europeo.

Actividades propostas

- S8. Cite o nome dalgún dos escritores exiliados e explique as iniciativas levadas a cabo dende o extranxeiro na defensa da lingua galega.
- S9. Lea o seguinte texto de *Xente ao lonxe* de Blanco Amor e responda as cuestións que se lle propoñen:

–Quen vai falar agora?
–A Evanxelina da Severa.
–E quen lle *adeprende*?
–Disque ten moita memoria.
–Hai xente que lle vén de seu, que é moito *millor* que *adeprenderen*. Disque *adeprende* moito cando os desterraron.
–Non sei que tiña que *adeprender* en Ponferrada...
–Rematará na cadea, á par dos homes.

–Non sei quen as mete *nistas* barafustadas que non son *pra* nós as mulleres...

–Que Deus o faga *millor*.

A Praza dos Coiros estaba a crebar de xentío *naquil* fusco e lusco abafado do día do Carme. Corrérase que non *diran* permiso as autoridades e que ían mandar a xendarmería; sempre que había un mitín corríase o mesmo *pro* a xente de traballo ía *igoal*; e dende facía pouco, tamén coas mulleres e os fillos, que xa se notaba ben que ían perdendo o medo.

A filla da Severa e do Aser estaba xunto cos homes, *tranquila* e fermosa, no balcón do local novo do Centro de Sociedades Obreras.

- A quen pertencen as voces que participan no diálogo? Apoie a súa resposta con datos do texto.
- Baseándose no texto, explique como é o carácter de Evanxelina e que diferenzas hai entre ela e as outras mulleres.
- Indique en que época está ambientada a novela de Blanco Amor.
- Como cre que acabará o mitin?

2.4 A literatura galega de 1976 á actualidade

2.4.1 A poesía dende 1976

A poesía galega inicia unha nova etapa a partir de *Con pólvora e magnolias*, que supuxo unha ruptura co socialrealismo, movemento que comezaba a ser rexeitado pola súa falta de rigor estético e por estar supeditado a unha mensaxe social repetitiva. A pegada do libro de **Méndez Ferrín**, xunto coa obra de **Manuel Antonio** e **Álvaro Cunqueiro**, terán unha influencia determinante na obra dos autores que se dan a coñecer nas últimas décadas do século XX.

Asistimos nesta época a unha apertura sen precedentes na historia da nosa literatura, tanto pola diversidade temática como pola numerosa aparición de voces e tendencias.

A poesía da década dos 80

Os profundos cambios sociopolíticos derivados da fin da ditadura de Franco terán a súa influencia no plano creativo. Na primeira metade dos 80 consolídase una renovación poética protagonizada por un numeroso grupo de novas voces que rexeitarán o socialrealismo dominante en décadas anteriores. Moitos deles participan en revistas de expresión poética (**Nordés**, **Dorna...**), conforman grupos poéticos (**Rompente**, **Cravo Fondo**), danse a coñecer a través de diferentes certames e premios literarios (**Esquíó**, **O Facho...**) ou colaboran en volumes colectivos (*De amor e desamor...*).

Características

- O formalismo, o afán culturalista e o experimentalismo, procurando unha estética moi traballada, concibida como unha arte da linguaxe.
- Aparece unha certa fuxida do “eu” lírico en favor doutros referentes: a reflexión metapoética, a interdisciplinabilidade, a recreación mítica.
- Integran elementos propios da contracultura urbana e marxinal (Lois Pereiro, Antón Reixa).
- Autores e obras:
 - **Manuel Vilanova.** A súa obra *E direi-vos eu do mister das cobras* (1980) é un dos títulos que marcan o cambio de rumbo da poesía galega para deixar atrás o socialrealismo á procura dunha estética formalista. É autor tamén da obra *A lenda das árbores de prata* (1985).
 - **Xavier Rodríguez Baixeras.** Salienta a súa brillante elaboración formal, caracterizada polo verso clásico e pola indagación na propia experiencia, a evocación da infancia, a nostalgia... Destacan as súas obras *Fentos no mar* (1981) e *Lembranza do areal* (1985).
 - **Xosé M^a Álvarez Cáccamo.** A súa obra caracterízase pola diversidade de temas e a precisión formal. Na súa poesía atopamos trazos intimistas, referencias familiares, reflexión sobre a palabra poética ou a paisaxe. As súas obras principais son *Praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985) ou *Luminoso lugar de abatemento* (1987).
 - **Xavier Seoane.** É un dos autores do chamado “Grupo da Coruña” que publicaron os volumes colectivos *De amor e desamor* (1984 e 1985). Seoane desenvolve unha poética centrada no amor e na terra, cunha estética próxima ao experimentalismo. Entre a súa numerosa obra destaca *Iniciación e regreso* (1985), *O canto da terra* (1987) ou *Dársenas do ocaso* (2002).
 - **Miguel Anxo Fernán-Vello.** É, ao igual que Seoane, un poeta do “Grupo da Coruña”, considerado por Ricardo Carballo Calero entre “os máis puros poetas líricos das literaturas ibéricas”. É o creador da editorial poética **Espiral Maior**. As súas primeiras obras, publicadas nos primeiros anos oitenta (*Do desexo en corpo e sombra*, *Memorial de brancura*) presentan unha certa unidade temática –erotismo, morte, soidade, beleza- e unha clara



Miguel Anxo Fernán-Vello

preocupación formal. Posteriormente a súa poesía adquirirá un ton máis cosmovisionario, na procura do transcendente: *Territorio da desaparición* (2004).

- Outros autores do grupo dos oitenta son: **Pilar Pallarés** (*Entre lusco e fusco*), **Ramiro Fonte** (*As cidades da nada*), **Manuel Forcadela** (*Ferida acústica de río*), **Claudio Rodríguez Fer** (*Vulva*), **Lois Pereiro** (*Poesía última de amor e enfermidade*), **Alfonso Pexegueiro** (*Circos de auga*) etc.

Actividades propostas

- S10. Lea o seguinte poema de Miguel Anxo Fernán-Vello e despois responda as cuestións:

SONETO DO COÑECEMENTO

Saberei no teu corpo dunha luz que me cega,
o milagre da alba como un fervor mariño
inclinado no sangue, o esplendente camiño
que se abre na carne como maré que anega

todo o ser. Saberei a demorada entrega
dunha flor de paixón da cor rubra do viño
medrando contra a morte no docísimo niño
dunha chama interior, pomba de mel que chega

do máis fondo do fondo como un alento a arder.
Saberei todo en ti desde a sede ao brancor,
desde o río crecido até un mar de tremor.

Saberei no teu corpo o lugar do fulgor,
unha estrela de axila a nos medrar no ser
e o tempo que se inflama na alta luz do pracer.

MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

- Sitúe ao autor no panorama poético galego.
- Indique o tema do poema. Con cal dos temas que caracterizan a poesía actual relacionaría este poema?
- Este poema é un soneto. Explique as características formais dos sonetos e comprobe se estas se dan no poema: a rima, a estrofa e a conformación dos versos. Para iso mida os versos e sinale a rima do poema.
- É frecuente nos poetas novos compoñer os seus versos respectando as formas tradicionais? Están preocupados pola mensaxe das súas composicións, ou tamén hai unha preocupación formal?

S11. Lea o poema de Pilar Pallarés e responda:

Agosto.
Pasa a choiva devorando horizontes.
Esfiñase a tarde nos carreiros.
Chove. Batalla o sol coa auga sen ganas.
O meu cuarto, no que dorme o silencio.
Sombras, corvos, un libro nunha esquina.
Agardo.
Os bruidos da aldea tecen a súa nostalxia
no solpor estrañado.
¡Ou, señardade,
soidade que atravesas o tempo e o asulagas,
agosto de invernia, ou puñal de tristeza,
corazón meu ferido!

PILAR PALLARÉS, *Entre lusco e fusco*

- Estableza o seu tema e relación coos temas que trata a poesía dos anos oitenta.
- Comente algunha das imaxes e metáforas que utiliza a poeta para presentar o seu estado de ánimo.
- Como se chama o recurso que se dá entre os versos 2 e 3? (Fíxese na súa estrutura).
- Parécelle que hai algunha letra (fonema) que se repite moito? Por que se fai?

A poesía da década dos 90

A década dos 90 caracterízase pola convivencia de autores de idades e liñas discursivas moi diferentes. Por unha banda, continúa a creación e publicación dos autores da chamada “xeración dos 80”, que conviven coa aparición dun gran número de poetas novos, os chamados “poetas dos 90”, que actualizarán e dinamizarán o panorama poético dende a pluralidade máis absoluta.

Estes novos autores publican libros individuais e colectivos, participan en recitais e actos en pubs, publican revistas e mesmo polemizan nalgúns casos cos escritores da xeración anterior. Proliferan novos grupos poéticos, como é o caso de **Ronseltz**, que xoga un papel pioneiro dende a acción lúdica e a transgresión, cuestionando a hexemonía da estética dos 80, como se reflicte no seu poemario *Unicornio de cenurias que cabalgas os sábados* (1994).

Un último factor fundamental na poesía desta época é o contributo das escritoras, que

trasladarán á súa poesía, en maior ou menor medida, un imaxinario feminino e feminista reivindicativo.

Características

- Intimismo da vivencia, cunha linguaxe máis directa e coloquial nun afán de desbarroquización do verso, en contraste coa estética precedente.
- Pluralidade, eclecticismo, riqueza de matices e abordaxe de múltiples temáticas e formas.
- Culturalismo: tómanse elementos doutras literaturas, da filosofía, da mitoloxía, da música, do cine e do cómic.
- Autores e tendencias:
 - **Poesía do coñecemento**: caracterízase pola súa elaboración formal e a transcendencia dos temas tratados, o que os achega á xeración anterior.

Autores: **Miro Villar** (*Equinoccio de primavera*) ou **Helena de Carlos** (*Alta casa*).

- **Poética feminina-feminista**: manifestada a través da visión feminina da sexualidade e o erotismo, así como da reivindicación do papel da muller na sociedade.

Autoras: **Chus Pato** (*Urania*), **Lupe Gómez** (*Pornografía*), **Yolanda Castaño** (*Elevar as pálpebras*), **Olga Novo** (*Nós nus*) etc.

- **Poética do cotián**: úsase unha linguaxe directa e unha maior narratividade do discurso.

Autores: **Estevo Creus** (*Teoría do lugar*), **Fran Alonso** (*Tortillas para os obreiros*) ou **Eduardo Estévez** (*Lúa gris*).

- **Poética experimental**: prodúcese un enfrontamento entre o tradicional e o moderno dando lugar a unha deconstrución da linguaxe poética convencional.

Autores: **Manuel Outeiriño** (*Depósito de espantos*) ou **Xavier Cordal** (*Afasia*).

Tendencias actuais da lírica

Coas debidas reservas, dada a inmediatez, pódense sinalar como notas definitorias da poesía actual.

Características

- Peso e relevancia da escrita feminina.

- Volta á poesía social e comprometida virada cara aos conflitos propios do novo milenio.
- Ruptura temática e formal con incesantes propostas experimentais.
- Procura de novas canles de difusión alternativas (poesía en rede, blogs etc.).
- Autores e obras:
 - **Manuel Rivas** (*A boca da terra*).
 - **María do Cebreiro** (*Nós, as inadaptadas*).
 - **María Lado** (*Casa atlántica, casa cabaret*).
 - **Daniel Salgado** (*Éxodo*).
 - **María Reimóndez** (*Moda galega*).

Actividade proposta

S12. Escriba algunha obra dos seguintes poetas e adscribaos á corrente ou movemento estético ao que pertencen:

- Ramón Cabanillas.
- Fermín Bouza Brey.
- Álvaro Cunqueiro.
- Manuel Antonio.
- Celso Emilio Ferreiro.
- Aquilino Iglesia Alvariño.
- Luz Pozo Garza.
- Antón Tovar.
- Uxío Novoneyra.
- Manuel María.
- Xosé Luís Méndez Ferrín.
- Luís Seoane.
- Lorenzo Varela.
- Xavier Seoane.
- Miguel Anxo Fernán-Vello.
- Pilar Pallarés.
- Claudio Rodríguez Fer.
- Lois Pereiro.
- Yolanda Castaño.
- Olga Novo.
- María do Cebreiro.

2.4.2 A Narrativa desde 1976

Tras a morte de Franco (1975), a literatura galega entra nunha fase de readaptación similar á que se produce nas restantes esferas da vida colectiva. Os espazos de liberdade gañados permiten o impulso de novas publicacións en galego, así como a aparición de novas editoriais. Os novos escritores evolucionan agora desde unha narrativa de preocupacións sociais e realista a combinacións máis complexas dentro dun experimentalismo formal máis arriscado. Con todo, a narrativa seguirá sendo un medio para reflexionar sobre a identidade colectiva.

A narrativa dos 80

Ademais das tendencias que xurdirán nos anos oitenta, é preciso destacar a obra de autores xa consagrados que seguen publicando novelas e relatos de importancia relevante nas nosas letras. De entre deles destacan Xosé Luís Méndez Ferrín e Carlos Casares.


- **Xosé Luís Méndez Ferrín** publica nesta década libros de relatos importantes como *Crónica de nós*, *Amor de Artur*, *Arnoia Arnoia* ou a novela *Bretaña esmeraldina*. Obras nas que se rexistran elementos e temáticas xa presentes en obras anteriores, como a denuncia en clave fantástica da realidade galega, a presenza de territorios mitolóxicos propios do universo creador do autor ou ben o poder destrutivo da violencia e a fascinación que exerce en certos individuos. A fins dos 90 publicará a novela *No ventre do silencio*.
- **Carlos Casares** publica en 1980 a obra *Ilustrísima*, tal vez a obra súa que acadou maior difusión. Relata de xeito lineal cun narrador omnisciente, a intransixencia da igrexa diante da instalación do primeiro cinematógrafo nunha vila galega a comezos do século XX. Xa en 1987 publica *Os mortos daquel verán* ambientada na Guerra Civil. Posteriormente publicará *Deus sentado nun sillón azul*.

Na década dos 80 a nosa narrativa vai experimentar un notable incremento de obras publicadas. Aparecen, así mesmo, diversas tendencias e liñas temáticas, procurando a consolidación dun mercado en auxe. Préstase especial atención á **literatura xuvenil**, coa proliferación de diversos autores e obras entre os que destacan **Agustín Fernández Paz** (*As flores radioactivas*, *Contos de inverno*) ou **Xabier Docampo** (*O misterio das badaladas*).

En canto aos temas e xéneros, obsérvase unha continuidade de modalidades máis clásicas xunto a outras máis anovadoras e comerciais:

- **Narrativa realista**. Pode centrar a acción no mundo rural (*Morrer en Castrelo de Miño*, de **Xosé Fernández Ferreiro**) ou no espazo urbano (*Froito das lembranzas*, de **Tucho Calvo**).

- **Narrativa histórica.** Foi cultivada por algúns dos máis salientables narradores da nosa literatura: *O triángulo inscrito na circunferencia*, **Víctor Freixanes**, ou *Xa vai o grifón no vento*, de **Alfredo Conde**.
- **O relato policial.** *Crime en Compostela*, de **Carlos G. Reigosa** será o verdadeiro punto de partida da literatura policial galega.
- **Narrativa memorialista.** Destaca a publicación de *A nosa cinza*, de **Xavier Alcalá**, memorias dun neno burgués, de corte realista pero con elementos innovadores como o flash-back. Outro autor importante desta tendencia é **Xosé Martínez Oca**, con obras instaladas na memoria do pasado infantil: *A fuxida*.
- **Narrativa experimental.** O afán por presentar unha fórmula narrativa caracterizada pola fragmentación do discurso está representada principalmente por **Suso de Toro**, un dos autores de maior éxito da narrativa actual. A súa obra *Polaroid* (1986), dende un ton coloquial, con referencias á linguaxe audiovisual, e co monólogo interior, pretende captar as contradicións e conflitos da sociedade moderna.



Suso de Toro

Actividade proposta

S13. Imos comentar un texto de Suso de Toro pertencente ao libro *Tic-Tac*.

MEMORIA

«Roxelio.» A voz da nai chamándoo desde a cociña facíao sentir máis a gusto entre as sabas quentes. Que gusto as sabas limpas e planchadas. As do cuartel eran máis ásperas. Que ben se estaba. ¿Cantas horas levaría durmindo? A cabeza sorrinte da nai apareceu asomada na porta entreaberta. «A ver, langrán. Vas pasar o permiso enteiro durmindo.» Colleu unha zapatilla do chan e fixo como que lle arreaba con ela, el cubriuse debaixo das mantas. «Veña, que tes o almorzo na mesa.» Destapouse e viu un pedazo da bata encarnada da nai saíndo pola porta. Aquela tarde tiña que xogar un partido cos compañeiros e pola noite levar a Charo ao baile. Tiña que aproveitar os días de permiso. ¿Quería Charo ir ao río? Tiña que mercar preservativos antes de ir xogar o partido. Ergueuse, puxo a bata verde e calzou as zapatillas. Saiu. Na cociña a súa muller quentaba o café mirando distraída para a cafeteira no lume de butano. «¿Ensinouche as notas o rapaz?», díxolle. Sentou na mesa detrás dela, acariñoou cos dedos o borde da cunca de porcelana, «non», dixo. A figura de Charo era fraca e remataba nunha cabeza despeluxada de cabelo entre medias loiro e cincento. Como adelgazara cos anos. Outras mulleres engordan cos anos e os preñes, Charo adelgazara. Pasou as mans pola barriga que lle caía por riba do cinto. Ela sacou a cafeteira do lume e colleu o cacharro do leite na outra, deu volta e botoulle na cunca o leite primeiro e despois café. El botou un par de culleradas de azucre e empezou a remexer cando sentiu que o

chamaban desde a rúa, «Roxelío». Asomouse, eran Fito e Mocos que miraban para arriba coas carteiras dos libros na man. «Xa vou», dixo. Colleu o bocadillo de enriba da mesa. «Espera –dixo a nai–, embrólaos nun papel que vas manchar os libros. Todos os días cho teño que dicir.» Colleu a páxina do xornal que lle deu a nai e embrolou lixeiro o bocadillo. Gardouno na carteira e saiu da cociña correndo e facendo o ruído do motor dun coche. Sentiuse bater a porta de fóra. Baixaba as escaleiras a modo agarrándose do barandal cunha man e axudándose co caxato na outra, «a despaciño, Roxelio, a despaciño.

Non vaias ter unha caída e romper algún óso tamén ti. Os ósos dos vellos son coma os dos polos» e pensou na pobre Charo que ficaba na cama vendo a tele coa cadeira rota. Parou e colleu aire, sacou un pano da man e pasouno polo borde da boca debaixo do bigote branco. Gardouno, inspirou forte e volveu baixar as escaleiras, «a despacio, Roxelio, a despacio. Para que pouco vale un vello. Como pasa a vida». En chegando ao portal viu a Fito e a Mocos que lle dixeron «Imos», e botaron a correr os tres coas carteiras nunha man e o outro brazo estricado como se fose a á dun avión e facendo o ruído do motor coa boca. Facían así «rrrrr».

- Que relación atopa entre este relato e o seu título?
- Que personaxes aparecen nel?
- Que etapas da súa vida evoca Roxelio?
- Onde se sitúan as lembranzas do protagonista e cantos anos abranguen?

A narrativa dos 90

Se a década dos 80 significou un verdadeiro impulso do xénero narrativo, os anos 90 consolidarán o xénero ao tempo que manteñen moitas das tendencias temático-estilísticas da década anterior. Seguen tendo moito vigor algúns dos xéneros precedentes (novela memorialista, histórica, experimental) e aparecen outros novos como a crónica ou o diario, que procuran un punto de encontro entre a narración literaria e o xornalismo. Dáse así mesmo, e por primeira vez na nosa literatura, a presenza dun amplo número de narradoras, o que abre o debate arredor da “narrativa de xénero”.

De entre as diferentes tendencias que se observan na narrativa dos anos 90 destacan as seguintes:

- **Persistencia da novela histórica.** Segue a ser unha das liñas máis cultivadas na década dos 90, ben como reconstrución dun pasado mítico, ben dende perspectivas realistas.

Autores: **Xesús Rábade Paredes** (*Branca de Loboso*) ou **Darío Xohán Cabana** (*Galván en Saor*).

- **Consolidación da novela policial.** O éxito da narrativa de corte policial ou “serie negra” dos anos 80 determinou que durante a década dos 90 un importante número de novelas se abeire neste xénero.

Autor: **Anibal C. Malvar** Un home que xaceu aquí ou A man dereita.

- **Novela de autor ou experimental.** Varios serán os autores que continuarán a proposta experimental na década, utilizando o fragmentarismo, achegándose a propostas narrativas arriscadas e procurando novas vías de discurso.

Autores: **Suso de Toro** con obras como *Tic-Tac* ou *Calzados Lola*, **Xosé Cid Cabido** (*Días contados*), **Xosé Carlos Caneiro** (*Ébora*) ou **Xurxo Borrazás** (*Criminal*).

- **Narrativa neocostumista.** O seu máximo representante é o escritor e xornalista **Manuel Rivas**; procura centrar o seu interese na concepción de Galicia como espazo de síntese entre o rural e o urbano, o que provoca dalgún xeito a nosa identidade, retratada ás veces con humor



Manuel Rivas

esperpéntico e outras con lirismo humanista. A Guerra Civil e a posguerra son tamén motivo central da súa obra narrativa, entre as que destacan *Os comedores de patacas*; *Ela, maldita alma*; *Que me queres, amor?* ou *O lapis do carpinteiro*.

- **Narrativa de “xénero”.** A incorporación da muller á literatura galega vén sendo un dos episodios máis significativos dos últimos tempos. Rexístrase un elevado grupo de narradoras cunha decidida vontade por achegar un punto de vista feminino/feminista que marque singularmente a súa obra, aínda que algunhas autoras discrepan da existencia de calquera tipo de literatura de xénero.

Autoras: **M^a Xosé Queizán** (*Amor de tango*), **Marilar Aleixandre** (*A expedición do Pacífico*).

Actividade proposta

- S14. Lea atentamente o texto de Manuel Rivas e resolva as cuestións que a continuación se lle formulan:

Arden os libros

19 de agosto de 1936

Era sabido que Santiago Casares posuía a mellor biblioteca privada da cidade. Panadeiras 12 tiña dous tipos de paredes superpostas. O muro exterior e os andeis dos libros por dentro. Iniciada polo seu pai, subministrábanlle novidades algunhas das mellores librarías de Europa. Moitos deses libros chegaran por correo marítimo. O xefe da queima recordaba ter lido algunha entrevista en que Casares contaba que había mariñeiros que ao seu pai lle traían en man libros prohibidos ou que non se podían atopar en España. E que un dos intres máis felices da súa infancia era abrir os paquetes «que traía o mar». Recordaba iso con exactitude.

Tamén a el lle eran familiares os paquetes que traía o mar.

Que traía o mar, murmurou. Que? Ten que haber moitos, moitísimos máis.

Outra morea deles arde aí, na praza. E a moitos leváronos arrestados ao pazo de Xustiza. Tamén nos baixos e no touril da praza de touros.

O que arestora asume a xefatura da queima subscribe cun sorriso a intención da frase do subordinado. Os libros como reos, arrestados, contra a parede. De costas á xente. En ringleira, amazocados, sen poder estricarse, en silencio mudo. Eses aínda tiveron un pouco máis de sorte ca este. Pasarán os días, os meses, os anos, e os libros arrestados irán desaparecendo. Unha man descoidada. Unha pouta decidida. Libro a libro, o despezo da biblioteca, o que non ardeu, na sede da Xustiza. E o mesmo sucederá con todo o contorno do home. Todo será obxecto de espolio. As propiedades grandes e pequenas. Mesmo as cousas miúdas, íntimas.

Non só os libros, senón tamén arrincados os andeis de madeira labrada que os sosteñen.

MANUEL RIVAS, *Os libros arden mal*.

- Indague en Internet que pasou na Coruña o 19 de agosto de 1936.
- Quen foi Santiago Casares?
- En que outra novela do século XVII se fai unha queima de libros?
- Cite outros libros que coñeza de Manuel Rivas.

A narrativa do novo milenio

Baixo esta denominación faise referencia aos narradores máis novos, ben por idade ou ben por ter acadado a súa obra maior relevancia nos últimos anos. Como liña xeral, pódese indicar a consolidación de tendencias das décadas anteriores (por exemplo, na novela experimental, como *Tres segundos de memoria*, de **Diego Ameixeiras**, ou na policíaca *Baixo mínimos*, deste mesmo autor) ao carón de novas vías temáticas como a aproximación narrativa a certas vertentes do conflito lingüístico (*Made in Galiza*, de **Sechu Sende**).

Especial relevancia nos últimos anos tivo a chamada “literatura de muller”. Un marcado protagonismo feminino, unha autoafirmación colectiva, a denuncia dos roles patriarcais ou a abordaxe das relacións entre mulleres son algúns dos trazos comúns destas obras. Autoras: **Teresa Moure** (*Herba moura*), **Rosa Aneiros** (*Resistencia*), **Inma López Silva** (*Concubinas*), **María Reimóndez** (*O club da calceta*) ou **Anxos Sumai** (*Así nacen as baleas*).

Actividade proposta

S15. Relacione as seguintes obras cos seus autores:

- *Os camiños da vida, Arredor de si.*
- *Cousas, Os dous de sempre.*
- *O porco de pe.*
- *Dos arquivos do trasno.*
- *Merlin e familia, Si o vello Sinbad volvese ás illas.*
- *Xente ao lonxe, A esmorga.*
- *Memorias dun neno labrego.*
- *Nasce un arbore.*
- *Amor de Artur, O crepúsculo das formigas.*
- *Vento ferido, Ilustrísima.*
- *Adiós María.*
- *Crime en Compostela.*
- *A nosa cinza.*
- *Tic tac, Ambulacia.*
- *Galván en Saor.*
- *Os libros arden mal, O lapis do carpinteiro.*
- *Amor de tango.*
- *Herba moura.*

2.4.3 O Teatro dende 1976

O xénero dramático experimenta unha grande evolución e profesionalización ao longo das últimas décadas:

Década de 1970: grupos de teatro independentes

- Celébrase a I Mostra e o I Certame Abrente de Teatro Galego (1973) en Ribadavia.
- Fúndase o **Centro Coordinador do Teatro Galego** (1976) que aglutina varios grupos.

Década de 1980: apoio institucional

- Creación da Asociación Profesional do Teatro Galego (1980).
- Creación do **Centro Dramático Galego** (1984) cun repertorio constituído por obras de autores galegos contemporáneos e por clásicos do teatro universal.

Década de 1990: consolidación da dramaturxia

Últimas décadas

- Proliferación de premios e representacións.
- Consolidación de moitas compañías: *Matarile*, *Chévere*, *Ollomoltranvía*, *Sarabela*, *Talía Teatro*...
- Prestixio de escolas dramáticas: *Casahamlet*, *Escola Superior de Arte Dramática de Galicia*.



Chévere

O Grupo Abrente

Denominado tamén *xeración Abrente* ou *grupo de Ribadavia*, fai referencia a un conxunto de dramaturgos que participaron ou que se deron a coñecer nas Mostras de Teatro Abrente de Ribadavia, entre os anos 1973 e 1980.

Características

- Non foron só escritores, senón tamen directores e actores.
- Impulsaron a profesionalización do sector.
- Crearon un teatro comprometido.
- Incorporan elementos da dramaturxia europea contemporánea.
- Autores e obras:
 - **Manuel Lourenzo**: *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*; *A ilusión da escena*, *Edén e outros paraísos*, *O circo da media noite*.
 - **Euloxio R. Ruibal**: *Zardigot*, *Maremia*.
 - **Roberto Vidal Bolaño**: *Ladaíñas pola morte do Meco*, *Bailadela da morte ditosa*, *Saxo tenor*.

O teatro nas últimas décadas

As liñas teatrais destas décadas adoitan resumirse en varias tendencias: a crítica, a irónica, a lúdica e a culta.

A promoción dos 80

Características

- Desencanto fronte á utopía das esquerdas.
- Importancia do individuo, do intimismo e do subxectivo.
- Reivindicación do espazo urbano.
- Incorporación do humor, do onírico, do irracional e do inconsciente.
- Metateatro.
- Culturalismo, intertextualidade, preocupación pola forma.
- Autores: **Luisa Villalta**, **Xesús Pisón**, **Suso de Toro**, **Miguel Anxo Fernán-Vello...**

Teatro na década dos 90

Características

- Preocupación pola forma.
- Exploración de novas estéticas e subxéneros.
- Intención de facilitar a conversión dos textos literarios en textos escénicos.
- Autores: **Candido Pazó** (*A piragua*), **Lino Braxe** (*A promesa*), **Manuel Núñez Singala** (*O achado do castro*), **Roberto Salgueiro** (*O arce do xardín*).

Actividades propostas

S16. Escriba os autores das seguintes obras teatrais:

- *Os vellos non deben de namorarse.*
- *A soldadeira, Esquema de farsa.*
- *Farsas para títeres.*
- *A ilusión da escena, O circo da media noite.*
- *Zardigot.*
- *Ladaíñas pola morte do Meco, Saxo tenor.*
- *A piragua.*
- *O achado do castro.*
- *O arce do xardín.*

S17. Realice o seguinte test de *cultura literaria galega* neste enderezo web:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/test.htm#cultura_literaria

3. Historia de la literatura castellana del siglo XX

3.1 La literatura antes de la guerra civil

Desde principios del siglo XX hasta el desencadenamiento de la Guerra Civil el panorama literario español era bastante prometedor. Dos movimientos literarios abren el siglo: *Modernismo* y *Generación del 98*. Ambos rompen con la estética de las últimas décadas del siglo anterior con un afán renovador.

El *Novecentismo*, movimiento que se origina hacia 1915, abre los caminos de la nueva novela y el ensayo. La poesía alcanza su máximo esplendor con la *Generación del 27*, heredera de las vanguardias europeas y de la tradición hispana.

3.1.1 Modernismo y Generación del 98

Contexto histórico

El siglo XIX termina con el desastre del 98, en el que España pierde sus últimas colonias: Cuba, Puerto Rico y Filipinas. Crisis económica y graves conflictos sociales mientras el mundo vive la Primera Guerra Mundial. Reina Alfonso XIII (1902-1931) con el paréntesis de la dictadura de Primo de Rivera. Segunda República y Guerra Civil (1936-1939).

A finales del siglo XIX se desarrolla un movimiento de **renovación** en el arte y el pensamiento, que **se opone a la estética realista** y a la actuación de las instituciones políticas o religiosas. Los artistas ya no pretenden reflejar la realidad, sino crear otra más atractiva. La recuperación de lo **subjetivo** y la búsqueda de la **perfección formal** son la base del modernismo. En España el modernismo coexiste con un grupo de intelectuales llamado Generación del 98.

Ambos percibirán el momento histórico con insatisfacción, pero se evaden de la realidad de distinta forma, apostando simultáneamente por un acusado subjetivismo.

MODERNISMO	GENERACIÓN DEL 98
<ul style="list-style-type: none">- Buscan la evasión mediante lo fantástico y la sensualidad (musicalidad, colores...)- Sus obras tienen un tono cosmopolita, retórico y extravagante.- Los autores modernistas se expresan sobre todo, a través de la poesía lírica.	<ul style="list-style-type: none">-Tratan temas de la actualidad española y tienen un estilo más sobrio.- Buscan la sencillez, la claridad, la autenticidad y un tono popular.- Los noventayochistas se expresan, sobre todo, a través de la novela y el ensayo.

Características del modernismo

Surge en Hispanoamérica a finales del siglo XIX. Lo introdujo en España **Rubén Darío**. Frente a los valores prácticos burgueses (ciencia y progreso) los autores exaltan la belleza como un principio esencial.

Entre sus características principales destacan:

- Presencia de temas mitológicos y grecolatinos.
- Continua presencia de símbolos subjetivos, escapando así de lo real mediante la imaginación y el deleite de los sentidos: efectos plásticos, táctiles, olfativos, gustativos y acústicos.
- Perfección formal, destacando el alejandrino.
- Continuas figuras de carácter musical (aliteración, paralelismo...).
- Temas de interés:
 - Expresión de los estados de ánimo del poeta.
 - Creación de mundos exóticos y fantásticos idealizados, belleza y perfección a través del amor.

Géneros, autores y obras

Poesía

- **Rubén Darío**. Mejor representante de todas las características modernistas, en su obra se distinguen dos etapas: una primera con un tono sensual, galante, fantástico, con ambientaciones suntuosas y exóticas (*Azul*) y una segunda donde su tono se torna más espontáneo, de confianza, para hacer balance de su vida e introducir temas de carácter social (*Cantos de vida y esperanza*).
- **Antonio Machado**. *Soledades, galerías y otros poemas*, influencia de Bécquer, Rubén Darío y del simbolismo (el agua, el sueño...); los temas son el amor, el paso del tiempo, la muerte y la búsqueda de Dios; métrica variada (alejandrinos, romances, silvas...); tono intimista.
- **Manuel Machado**. *Alma*.
- Primera etapa (sensitiva) de **Juan Ramón Jiménez**: *Arias tristes, Elejías, La soledad sonora*.

Novela

- Ramón del Valle-Inclán. En *Las Sonatas*, un donjuán decadente se mueve en ambientes aristocráticos y se mezclan erotismo, muerte y religiosidad; lenguaje bello y preciosista.
- **Juan Ramón Jiménez**. *Platero y yo*, prosa poética.

Características de la Generación del 98

Grupo de escritores que vivió el desastre del 98: **Unamuno** (guía espiritual), **Machado, Baroja, Azorín, Maeztu, Valle-Inclán...**

- Reciben la influencia de los **filósofos irracionalistas**: angustia vital, preocupaciones existenciales, pesimismo, voluntad frente a razón. Se retoman el Cid, don Quijote...
- **Preocupación por España** y su regeneración. Exaltan España, Castilla y su pasado. Critican la corrupción, el atraso del campo, la envidia. Intentan europeizarla y buscan los valores de la gente sencilla. Reivindican a Berceo, Manrique, Larra...
- En el **lenguaje**, abandonan el retoricismo y buscan un lenguaje natural, preciso, sobrio y claro. Recuperan palabras tradicionales, arcaísmos y crean neologismos.

Géneros, autores y obras

Poesía

- **Antonio Machado** definió su poesía como la búsqueda de la “palabra esencial en el tiempo”. Esta búsqueda de lo esencial le llevó a expresarse mediante símbolos como la tarde, el camino o la fuente que, en sus obras, se llenan de significados diversos.

En su obra podemos destacar:

- En *Campos de Castilla* domina la preocupación por España y la aflicción por la pérdida de Leonor. Su lengua poética es mucho más sencilla.
- *Nuevas canciones*. En sus versos manifiesta la añoranza de la infancia y de su esposa fallecida.



Vea en RTVE a la carta, dentro de la serie “Imprescindibles” el documental sobre Antonio Machado [Los mundos sutiles](#).


Teatro

- Renueva la escena **Valle-Inclán**: *Comedias bárbaras* y *Divinas palabras*, Galicia rural (incultura, ambiciones familiares, malos políticos, egoísmo...); *Luces de Bohemia* y *Martes de carnaval*, crudeza de la sociedad bajo el prisma del esperpento (exageración, contraste, animalización o cosificación, humanización de cosas o animales, mezcla de registros, ironía, humor negro).
- **Miguel de Unamuno**. *Fedra*, ideas al escenario sin ornamentación.

Novela

Desarrollo extraordinario: subjetivismo, temas existenciales, novedades estructurales (la trama se desordena y pierde protagonismo, muchos monólogos, diálogos...).

- **Ramón María del Valle-Inclán**. *La guerra carlista*: burguesía liberal y capitalista contra sociedad rural y tradicional, lenguaje preciosista con rasgos esperpénticos. *Tirano Banderas*, crítica caricaturesca de una dictadura americana, degradación del ser humano con enfoque existencial (empieza el esperpento). *El ruedo ibérico*, descomposición política y social desde Isabel II hasta el 98, diversas perspectivas (ambientes aristocráticos y populares).
- **Miguel de Unamuno**. Preocupaciones existenciales y religiosas; personalidad, destino, Dios, inmortalidad y España. Escaso argumento, novela abierta, múltiples interpretaciones, dominio del diálogo, lenguaje cuidado; por estas innovaciones, subtítulo "nivola" a *Niebla*. *Abel Sánchez*, envidia, odio, cainismo. *La tía Tula*, maternidad real frente a espiritual. *San Manuel Bueno, mártir*, Ángela Carballino narra las memorias de un cura atormentado por no creer en la vida eterna, pero que mantiene la paz de sus feligreses.
- **Pío Baroja**. Domina la descripción breve y el diálogo. Su capacidad de observación hace que sus novelas tengan un gran valor documental. En ellas recoge acontecimientos históricos de su tiempo y retrata múltiples aspectos de la sociedad. *Zalacaín el aventurero* y *Las inquietudes de Shanti Andía*, orgullo vasco. *Camino de perfección*, héroe barojiano neurótico, misógino; visión noventayochista de Castilla. *La lucha por la vida*, barrios míseros de Madrid. *El árbol de la ciencia*, visión pesimista y crítica de España.
- **José Martínez Ruíz, Azorín**. Innovaciones de la novela. *La voluntad*, Antonio Azorín busca el porqué de su existencia inútil hacia la nada. *Antonio Azorín*, sin acción; el protagonista piensa, habla. *Las confesiones de un pequeño filósofo*, autobiográfica. *Doña Inés*, amor fracasado.



Ramón M^o del Valle-Inclán

Actividades propuestas

S18. Ramón del Valle-Inclán inaugura con *Luces de bohemia* el esperpento, género literario que se caracteriza por la presentación de una realidad deformada y grotesca. Lea el siguiente fragmento de la obra:

La cueva de ZARATUSTRA en el Pretil de los Consejos. Rimeros de libros [...] cubren las paredes. Empapelan los cuatro vidrios de una puerta cuatro cromos espeluznantes de un novelón por entregas. En la cueva hacen tertulia el gato, el loro, el can y el librero.

ZARATUSTRA, abichado y giboso —la cara de tocino rancio y la bufanda de verde serpiente—, promueve, con su caracterización de fante, una aguda y dolorosa disonancia muy emotiva y muy moderna. Encogido en el roto pelote de una silla enana, con los pies entrapados y cepones en la tarima del brasero, guarda la tienda. Un ratón saca el hocico intrigante por un agujero.

ZARATUSTRA: ¡No pienses que no te veo, ladrón!

EL GATO: ¡Fu! ¡Fu! ¡Fu!

ELCAN: ¡Guau!

EL LORO: ¡Viva España!

- ¿Qué es, en realidad, la cueva aludida en el texto de *Luces de Bohemia*? Explique qué efecto provoca esta metáfora.
- ¿Cómo se animaliza a Zaratustra? ¿Con qué expresión aparece cosificado?
- Y, por el contrario, ¿de qué forma se «humaniza» a los animales en esta escena?

S19. Lea el siguiente fragmento de *Niebla* de Miguel de Unamuno.

Aquella tempestad del alma de Augusto terminó como en terrible calma. Quería acabar consigo mismo, que era la fuente de sus desdichas propias. Mas antes de llevar a cabo su propósito, como el náufrago que se agarra a una débil tabla, ocurriósele consultarlo conmigo, con el autor de este relato. [...]

—Pues bien; la verdad es, Augusto —le dije con la más dulce de mis voces—, que no puedes matarte porque no estás vivo, y que no estás vivo, ni tampoco muerto, porque no existes...

—¿Cómo que no existo? —exclamó.

—No, no existes más que como ente de ficción; no eres, pobre Augusto, más que un producto de mi fantasía y de la de aquellos de mis lectores que lean el relato que de tus fingidas aventuras y malandanzas he escrito yo; tú no eres más que un personaje de novela, o de nivola, o como quieras llamarle. Ya conoces tu secreto.

MIGUEL DE UNAMUNO

- Sitúe a Miguel de Unamuno en el panorama literario de principios del siglo XX.
- ¿Quién es el narrador del pasaje? ¿En qué persona narra? Indique qué es, además de narrador, y qué sabe de Augusto.
- ¿Qué obsesión de Unamuno se plantea? Señale qué rasgos del texto le confieren la condición de *nivola*.

3.1.2 La Generación del 14 o novecentismo

Contexto histórico

Cronológicamente, se encuentra entre la del 98 y la del 27. Incluye escritores que anuncian un nuevo aire intelectual. Quisieron renovar la literatura, adaptándose al nuevo siglo, de ahí el nombre de *Novecentismo* (1900, el siglo XX). También se les ha llamado *Generación del 14* en alusión a la Primera Guerra Mundial (hecho histórico que marcó su época).

Algunas de sus características son:

- Superación del modernismo, buscan una expresión más sobria.
- Comparten la preocupación de los noventayochistas por la situación del país y desean la europeización pero adoptan un punto de vista más sereno (menos pesimista) respecto al “problema de España”.
- Búsqueda de la “obra bien hecha”. Preocupación por el estilo, el lenguaje.
- Intelectualismo: el arte debe entenderse como un hecho intelectual, que huya de sentimentalismos románticos (*deshumanizar el arte*).
- La literatura se convierte en un arte elitista, para minorías.

Poesía

- **Juan Ramón Jiménez** (1881-1958) es la figura más importante del movimiento novecentista. Él abre el camino hacia una nueva forma de entender la poesía, pura o desnuda de cualquier sentimentalismo e imperfección. Tiene el mérito no sólo de renovar el panorama poético de principios de siglo, sino también de convertirse en el maestro indiscutible de otra generación, la del 27.

Fue un autor que entregó su vida a la poesía y a la búsqueda de la belleza. Las características principales son:

- Poesía minoritaria, hermética, difícil.
- Obra siempre en marcha; la obra poética de Juan Ramón Jiménez está en constante creación (*poesía pura*).
- Define la poesía como un triple deseo: de belleza, de conocimiento y de eternidad.

Su proceso de creación es una constante búsqueda de la palabra, de la expresión poética perfecta: continuos cambios de tono, de temática, de estilo. Se distinguen las siguientes etapas o fases:

- **Sensitiva** (hacia 1915). Marcada por la influencia de Bécquer, el simbolismo francés y el modernismo colorista y exuberante de Rubén Darío. Poesía emotiva y sentimental, en la que se trasluce la sensibilidad del poeta a través de una estructura formal perfecta. Obras: *Rimas, Arias Tristes, Jardines lejanos*.
- **Intelectual** (entre 1916 y 1936). Desnudez, presencia del mar como símbolo central, temas trascendentes, huida del sentimentalismo. Suprime toda la musicalidad, los argumentos poéticos, la aparatosidad externa y ornamental anterior para adentrarse en lo profundo, lo bello, lo puro, lo esencial. Obras: *Diario de un poeta recién casado, Piedra y cielo*.
- **Suficiente o verdadera** (desde 1936). Replegado en sí mismo en busca de la belleza y la perfección. Su ansia por la trascendencia lo llevará a identificarse con Dios. Obras: *Animal de fondo, Dios deseado y deseante, En el otro costado, Espacio*.

3.1.3 Las vanguardias

Vanguardia es un término de táctica militar referido a las primeras líneas o destacamentos de un ejército. Llamamos *ismos* o *vanguardias* a ciertos movimientos artísticos que se oponen al pasado y proponen nuevos caminos en las artes y las letras.

Se suceden a un ritmo muy rápido en Europa y América, durante el primer cuarto del siglo XX. Muchas veces publican manifiestos que resumen su ideología.

Vea el apartado dedicado a las vanguardias europeas en la parte de [Historia da lingua galega](#).

Las vanguardias en España

En España, los aires vanguardistas llegaron pronto. Hacia 1910 se publica un manifiesto futurista. Los ismos se comentan en las tertulias literarias y se difunden mediante revistas: *La revista de Occidente* y *La gaceta literaria*.

El vanguardismo español evoluciona: al principio predomina el juego, una actitud optimista ante la modernidad. Poco a poco, a partir de 1925 o 1927, con el influjo del surrealismo, se adopta un tono más grave, incluso de cierta angustia.

El pionero del vanguardismo español es **Ramón Gómez de la Serna**. En su tertulia del café Pombo y las revistas de la época defendió las nuevas tendencias.

Su obra tiene como eje la **greguería**, género literario inventado por él hacia 1910. Una greguería es “una pirueta mental o metáfora insólita”. Ejemplos: “*La pistola es el grifo de la muerte*”. “*De la nieve caída en el lago nacen los cisnes*”.

3.1.4 La Generación del 27

Contexto histórico

Se da el nombre de Generación del 27 a un grupo de escritores cuya obra, preferentemente lírica, cuaja hacia 1927, en que se celebra el tricentenario de la muerte del poeta español, cima de la elegancia de la poesía barroca y modelo de poetas posteriores, Luis de Góngora y Argote (1561-1627).

Estos poetas son la cima de una etapa de esplendor de la lírica iniciada por Antonio Machado o Juan Ramón Jiménez. Por ello, se ha llamado a este periodo *Edad de Plata* de la literatura española (la *Edad de Oro* son los siglos XVI y XVII).

Forman el grupo: Pedro Salinas, Jorge Guillén, Federico García Lorca, Rafael Alberti, Vicente Aleixandre, Luis Cernuda, Gerardo Diego, Dámaso Alonso, Emilio Prados y Manuel Altolaguirre.

Entre sus principales rasgos o características comunes podemos citar las siguientes:

- Tienen edades próximas.
- En su etapa de estudiantes, conviven en la Residencia de Estudiantes, de Madrid, con otros creadores como el pintor Dalí, el músico Falla, o el cineasta Buñuel.
- La mayoría son profesores universitarios y con una gran formación intelectual.
- Son liberales y muestran poca preocupación por lo religioso.
- Colaboran en revistas que ellos mismos crean (*Cruz y Raya*, *Caballo verde para la poesía*, *Revista de Occidente...*)

Su amistad y su obra se vieron truncadas por el estallido de la Guerra Civil. Según esto, distinguimos **tres etapas**:

- Poesía pura.
- Irrupción del surrealismo.
- Etapa final: cierre trágico, exilio de la mayoría de los miembros del grupo.

Autores destacados

- **Vicente Aleixandre.** Toda su obra gira en torno al hombre, al que concibe como un ser pesimista y angustiado. Esta visión hace que en su poesía se traten temas como el amor, la vida, las pasiones, los sentimientos y la muerte. Sus libros de poemas más famosos son: *La destrucción o el amor*, *Sombra del Paraíso*, *Historia del corazón*.



- **Luis Cernuda.** Su obra se basa en el contraste entre su anhelo de realización personal (el deseo) y los límites impuestos por el mundo que le rodea (la realidad). Es una poesía de raíz romántica y los temas más habituales son la soledad, el deseo de un mundo habitable y, sobre todo, el amor (exaltado o insatisfecho). Su poesía usa un lenguaje brillante y lleno de imágenes, con ritmos muy marcados. Cernuda reúne sus libros bajo un mismo título: *La realidad y el deseo*.
- **Federico García Lorca.** Predomina en su obra el tono trágico y la presencia de la muerte rodea toda su poesía. Crea metáforas e imágenes de una gran originalidad y fuerza expresiva a veces difíciles de explicar. En sus temas aparecen constantemente elementos del folclore andaluz y del mundo gitano reelaborados por el poeta (neopopularismo). Sus obras líricas más importantes son *Canciones*, *Poemas del cante jondo*, *Romancero gitano* y *Poeta en Nueva York*.

Entre sus obras dramáticas (teatro) destacan *Bodas de sangre*, *Yerma*, *La casa de Bernarda Alba* y *El público*.

Como muchos otros intelectuales, en 1936 es detenido en Granada por los falangistas y fusilado por sus ideas liberales.

Actividad propuesta

S20. Lea el *Romance de la luna, luna* de Federico García Lorca.

La luna vino a la fragua con su polisón de nardos. El niño la mira, mira. El niño la está mirando.	
En el aire conmovido mueve la luna sus brazos y enseña, lúbrica y pura, sus senos de duro estaño. – Huye luna, luna, luna.	5
Si vinieran los gitanos, harían con tu corazón collares y anillos blancos. – Niño, déjame que baile.	10
Cuando vengan los gitanos, te encontrarán sobre el yunque con los ojillos cerrados. – Huye luna, luna, luna, que ya siento sus caballos. – Niño déjame, no pises mi blancor almidonado.	15 20
- **Mario Vargas Llosa** (1936): premio Nobel de Literatura en 2010. El tema de sus narraciones es la realidad y se introduce en mundos míticos sacados de su propia vida y del Perú. Emplea una técnica muy compleja, aunque ordenada y clara, confusión de tiempos narrativos, barroquismo estructural, mezcla de acciones, innovaciones léxicas. Obras: *La ciudad y los perros*, *La casa verde*, *Conversación en la Catedral* o *La fiesta del Chivo*.

La riqueza y variedad de la narrativa hispanoamericana no se ha detenido. Estos autores y muchos otros (Augusto Monterroso, Mario Benedetti y Álvaro Mutis) han escrito una obra amplia y de calidad, que en muchos casos continúa desarrollándose. Además, han surgido nuevos autores en todos los países y algunos han alcanzado una enorme difusión internacional como **Isabel Allende**, **Laura Esquivel** o los argentinos **Oswaldo Soriano** y **Ricardo Piglia**.

Actividad propuesta

S28. Lea el siguiente fragmento de *Cien años de soledad* de Gabriel García Márquez y responda a las cuestiones.

...A pesar de que el coronel Aureliano Buendía seguía creyendo y repitiendo que Remedios, la bella, era en realidad el ser más lúcido que había conocido jamás, y que lo demostraba a cada momento con su asombrosa habilidad para burlarse de todos, la abandonaron a la buena de Dios. Remedios, la bella, se quedó vagando por el desierto de la soledad, sin cruces a cuestras, madurándose en sus sueños sin pesadillas, en sus baños interminables, en sus comidas sin horarios, en sus hondos y prolongados silencios sin recuerdos, hasta una tarde de marzo en que Fernanda quiso doblar en el jardín sus sábanas de bramante, y pidió ayuda a las mujeres de la casa. Apenas habían empezado, cuando Amaranta advirtió que Remedios, la bella, estaba transparentada por una palidez intensa.

-¿Te sientes mal? -le preguntó.

Remedios, la bella, que tenía agarrada la sábana por el otro extremo, hizo una sonrisa de lástima. -Al contrario -dijo-, nunca me he sentido mejor.

Acabó de decirlo, cuando Fernanda sintió que un delicado viento de luz le arrancó las sábanas de las manos y las desplegó en toda su amplitud. Amaranta sintió un temblor misterioso en los encajes de sus pollerinas y trató de agarrarse de la sábana para no caer, en el instante en que Remedios, la bella, empezaba a elevarse. Úrsula, ya casi ciega, fue la única que tuvo serenidad para identificar la naturaleza de aquel viento irreparable, y dejó las sábanas a merced de la luz, viendo a Remedios, la bella, que le decía adiós con la mano, entre el deslumbrante aleteo de las sábanas que subían con ella, que abandonaban con ella el aire de los escarabajos y las dalias, y pasaban con ella a través del aire donde terminaban las cuatro de la tarde, y se perdieron con ella para siempre en los altos aires donde no podían alcanzarla ni los más altos pájaros de la memoria...

- El fragmento que acaba de leer pertenece a una de las novelas más conocidas de la literatura universal y que supuso a su autor, **Gabriel García Márquez**, el reconocimiento internacional. Resuma en unas pocas líneas lo que sucede en el texto.
- El concepto de *realismo mágico* abunda en la novela. Defina en qué consiste y señale en el texto algún rasgo representativo.
- Busque en Internet algún otro ejemplo de *realismo mágico* en la novela.

Escuche el [principio de la novela](#) leída por García Márquez.



5. Solucionario

5.1 Solucións das actividades en lingua galega

- S1. Busque en Internet información sobre a revista Nós e a súa pegada na vida literaria e cultural galega.

Nós foi unha revista publicada en galego entre 1920 e 1936 con contidos literarios, lingüísticos, artísticos e de pensamento político. Nós foi impulsada e dirixida por Vicente Risco que procurou darlle unha dimensión europea. O primeiro número apareceu o 30 de outubro de 1920 en Ourense e nese lugar publicaríanse os primeiros 15, antes de pasar a ter a administración na Coruña e Santiago, na sede da editorial Nós. O enderezo mantívose sempre no domicilio de Vicente Risco.

A revista estivo vinculada ao pensamento nacionalista, pretendía normalizar o uso do idioma e elevalo dos usos orais á alta cultura.

Mesmo a publicidade era maioritariamente en galego. Pretendeuse tamén que o seu deseño gráfico axudase a conseguir unha estética galega, para o que Risco designou a Castelao como responsable artístico.

- S2. Comente o texto “O pai de Migueliño” do libro *Cousas de Castelao*.

- **Resumo:** o relato trata dun fillo e unha nai que van buscar ao seu pai que chega das Américas. O rapaz coñece ao pai por un retrato que ten del antes de que marchara; agora búscalo en todos os que chegan e cústalle recoñecelo. Pouco ten que ver aquel home que marchou co que regresa.
- **Tema:** o tema principal é a emigración pero na súa parte negativa, a que fai volver ao pai a Galicia sen ningún diñeiro. Pero aparecen outros temas como a ilusión dun rapaz, a separación pai-fillo, a emigración positiva e a negativa reflectida nos “americanos”, o amor da muller, a penuria do ser humano.
- **Espazo:** poderíamos diferenciar un espazo explícito que fai referencia ao camiño do rapaz e a nai (casa-peirao) e outro espazo que ten que ver co tema, a emigración, que é a viaxe que fai o pai (América-Galicia).
- **Tempo:** o tempo da narración está en pasado; predomina o pretérito imperfecto (“estaba, batíalle, esculcaba...”). O tempo da historia poderíamolo encadrar nos comezos de século XX, onde a emigración estaba a ser unhas das principais causas do abandono de Galicia. O desenvolvemento da acción é moi breve: da casa ao peirao e a espera na que chega o pai.
- **Conclusión:** cunhas poucas pinceladas, Castelao dános a coñecer o drama dunha época e a psicoloxía dos personaxes. O relato lévanos á unha Galicia de hai un século, pero con parecidos problemas aos de hoxe:
 - A emigración, aínda que hoxe sexa a outros países ou cidades españolas, para buscar traballo.
 - A pobreza da xente do campo, e a penuria da xente humilde.

É unha reflexión sobre a vida, como fai no resto dos relatos deste libro e que tamén aparece reflectida nas súas pinturas.

S3. Lea o poema de Celso Emilio Ferreiro e responde as cuestións:

- O poema consta de tres estrofas.
- O poema forma parte do libro *Longa noite de pedra*. Foi publicado por primeira vez no ano 1962.
- Tivo un **forte** impacto social, foi obxecto de sucesivas reimpresións e varios dos poemas do libro foron musicados e cantados, o que lles permitiu chegar a un público moi amplo. O título do libro converteuse en metáfora para referirse á ditadura.
- Os temas do libro amosan unha constante preocupación polo home e son un decidido canto á liberdade e á fraternidade.
- O poema que comentamos é representativo desta temática, xa que supón un posicionamento a favor dos oprimidos.
- Este **poema** ten unha estreita relación coas circunstancias sociais e políticas polas que atravesaba Galicia no momento **histórico** no que foi escrito.
- A outra **razón** que comenta o poeta é que lle produce tristeza ver aos que el chama “mequetrefes sen raíces” que renegan da “fala nai”, da fala do pobo. Unha nova razón que expón o poeta é que quere estar do lado dos “seus”, dos homes bos que sofren. c) Na secuencia “sofren longo unha historia contada noutra lingua” estase referindo á clase humilde que ao longo da historia sempre foi asoballada, e mesmo esa historia é contada nunha lingua que non é a súa propia.
- O poeta di que non fala para “os soberbios, os ruíns, os poderosos, os finchados, os estúpidos, os valeiros.” Di que fala para os que aturan inxustizas, os que súan e choran, para aqueles que sofren neste mundo. Galicia, o pobo galego humilde, é a destinataria dos seus versos porque sofre e é obxecto de inxustizas.
- Tema **do** poema: (Resposta libre) O poeta explica nestes versos as razóns polas que se expresa en galego e di que o fai porque quere e porque é a fala dos destinatarios dos seus poemas: os traballadores e as clases humildes de Galicia que sofren e padecen inxustizas.

S4. Lea o seguinte texto de Álvaro Cunqueiro e conteste:

- Trazos **físicos**: alto, apeitado, ten a perna dereita un chisco máis curta que a esquerda, ten barba branca moi mesta e sin partir, é mui encellado e ten grandes ollos mouros.
- Trazos xestuais: ten andar de moita gravidade, sentado, non está nunca quedo, e todo é mecer o cu no asento, e pór o polgar dereito no **nariz** e aspirar cheiros
- **Trazos** de vestiario: Gasta sempre turbante de dril tirando a marrón
- Trazos da **personalidade**: Ten un falar moi súpeto, e vai dicindo moi seguido e rápido, e párase e mete un silencio que pode ser dun **cuarto** de hora.
- Trazos de **comportamento**: é mariñeiro e non por iso deixa de ser labrego; érguese cedo.
- O Simbad de *As mil e unha noites* é o arquetipo de náufrago. É retratado coma un home rico que conta a historia das súas sete viaxes infortunadas a un pobre mozo tamén chamado Simbad; en cada historia loita con dificultades aparentemente insuperables; finalmente só busca a riqueza e un camiño para voltar a casa.
- O Sinbad de **Cunqueiro** é un vello mariño xubilado que soña con volver aos mares da súa xuventude e que lembra e inventa para os sus amigos no que neles había; ata que un día sente o degoiro de verificar os seus soños e vai buscar unha nave para volver embarcar nela. Entón descobre que houbo esa nave, pero que partiu sen el, e rómpeselle o corazón.

S5. Lea o relato “O Suso” de Xosé Luís Méndez Ferrín:

- O tema do relato xira **arredor** da morte, e o medo é o leit-motiv que está presente ao longo de todo o texto.
- Os personaxes do conto **son** dous, o Suso, no que se centra o relato, e o que o conta, Manolito. A voz do grupo de amigos aparece ao final, coma un coro coa función de pechar a historia cun final sorprendente que se relaciona co comezo.
- O personaxe principal, o Suso, aparece caracterizado directamente polo narrador: tiña «a cara morena e fina», «os ollos escuros de animal de baixoterra» e «a voz de corneta». A descrición que fai Manolito del non concorda coa súa actuación. O mesmo Manolito estráñase da súa inseguridade. A última vez que o ve aínda está «alto e lonxe», logo aparecerá morto e caído. Manolito é o personaxe que conta o suceso, coma se se tratase dunha aventura: ten que pasar unha proba –ir de noite ao río– e atoparse coa morte, o que lle causará unha serie de sufrimentos que van producir nel unha transformación.
- O espazo e o tempo da historia onde se desenvolven os feitos están claramente delimitados: o espazo referencial é a casa, as aforas da cidade de Ourense á beira do Barbaña e a casa de novo.
- O tempo transcorre **dende** «as dúas da mañá» ata que o «día era grande».
- O relato está narrado en primeira persoa, e todo o que se narra está baixo o punto de vista de Manolito, que inflúe directamente na **descrición** do Suso, do espazo e do ambiente fantasmagórico. Aínda que os sucesos parecen lineais, están contados a partir das lembranzas («Agora que recordo...»), pero estes feitos, axudados pola técnica do monólogo, parecen presentes. Esta característica imprímelle á historia ritmo narrativo que nada máis se para con pequenas pausas descritivas, porque o pouco diálogo que hai reproduce fielmente o tempo de conversa.

S6. Lea o relato “Coma lobos” pertencente ao libro *Vento ferido* de Carlos Casares.

- *Vento ferido* foi publicado durante o franquismo, en marzo de 1967, en Vigo, pola Editorial Galaxia. É un libro de relatos que expón a traxedia que foi a Guerra civil española e a súa posterior represión.
- A obra pódese adscribir á Nova Narrativa Galega pola ruptura da secuencia temporal, a variedade de enfoques narrativos e a presenza reiterada do monólogo.
- Son doce relatos curtos ambientados nos anos cincuenta e sesenta do século XX. Os relatos están bastante afastados uns dos outros en canto á temática, pero entre eles hai un leitmotiv, o duro tempo da posguerra, a tristura, a soidade, a frustración, a angustia, a dor e a violencia, que fai que entre todos eles haxa cohesión.
- O narrador dirixese ao irmán do Roxo, Eduardo, para evitar que vaia xunto a Garda Civil preguntar polo seu irmán, que **apareceu** morto cun tiro na cabeza.
- O fío condutor de “Coma lobos” é a violencia, e está narrado a partir da segunda persoa.

S7. Lea o seguinte fragmento de *A noite vai coma un río* de Álvaro Cunqueiro e despois faga o comentario respondendo as preguntas que se lle formulan:

- Os personaxes que interveñen neste diálogo son a Ama Modesta e outras tres mulleres.
- A escena sitúase na sala dun pazo ao amencer.
- As anotacións do autor achegan información sobre a sala na que se desenvolve a escena, sobre o aspecto das mulleres que interveñen nela e as actividades que están realizando mentres dialogan.
- Estas mulleres están falando da guerra, da situación pola que tiveron que fuxir das súas casas.

- *Estructura do diálogo teatral:*

Apertura: as anotacións do autor e a primeira intervención das tres mulleres. Sitúasenos na escena e nas circunstancias dos personaxes.

Desenvolvemento: a través do que falan as mulleres entre si e coa Ama Modesta infórmase nos máis das circunstancias que están vivindo estes personaxes, as razóns polas que están nese pazo e o que se propoñen facer de inmediato.

Clausura: intervención final das tres mulleres. É a despedida.

- S8. **Cite o nome dalgún dos exiliados e explique as iniciativas levadas a cabo dende o estranxeiro na defensa da lingua galega.**

- *Luis Seoane, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela, Eduardo Blanco Amor, Emilio Pita, Rafael Dieste, Ramón de Valenzuela.*

- *As iniciativas levadas a cabo polos exiliados son as seguintes:*

a) *Edición de revistas culturais galegas como "Correo literario", "Vieiros", "Saudade", "Loita", "Galicia", "Galicia Emigrante".*

b) *Consolidación dun teatro galego como o posto en marcha pola compañía de Maruxa Villanueva.*

c) *Creación de editoriais como Citania, Nova e Botella al Mar.*

d) *Creación de coleccións poéticas como Dorna e Hórreo.*

e) *Difusión dun programa cultural galego a través da BBC.*

- S9. **Lea o seguinte texto de Xente ao lonxe de Blanco Amor e responda as cuestións que se lle propoñen:**

- *As voces pertencen a un grupo de mulleres: «-Non sei quen as mete nistas barafustadas que non son pra nós as mulleres...».*
- *É unha muller valente, que se implica na loita obreira enfrontándose á opinión das persoas que pensan que iso non é propio de mulleres. Ela séntese igual aos homes e defende coas súas accións o seu dereito a ser igual e participar na política.*
- *A acción desenvólvese a principios do século XX, tempo de loita dos labregos, das mulleres e dos obreiros polos seus dereitos.*
- *Naquela altura non se lles recoñecían ás persoas dereitos básicos, como pertencer a un sindicato, e o feito de participar nun mitin podía supor a cadea ou mesmo recibir un disparo das «forzas da orde».*

- S10. **Lea o seguinte poema de Miguel Anxo Fernán-Vello e despois responda as cuestións:**

- *O poema pertence a Miguel Anxo Fernán Vello, poeta da década dos anos 80.*
- *Os poetas nesta etapa abandonan a poesía comprometida coa sociedade ou socialrealista, en que a loita social polas liberdades e a democracia eran temas frecuentes. Agora o poeta faise egoísta, regresa a si mesmo, esquece as responsabilidades cos demais, preocúpase pola forma, pola estética, é ante todo un artista.*
- *Os temas máis frecuentes son o amor visto dun modo moi libre, sensual e erótico; o amor exprésase cunha*

linguaxe nova, máis directa e atrevida. Créase unha estética do amor que é cualificada como exclusivamente galega, sobre todo da man do poeta Fernán-Vello.

- A poesía dos 80 é unha poesía basicamente lírica, moitas veces máis preocupada pola forma que polo fondo, estética e experimental, sobre todo na linguaxe. Formalmente non se poñen límites e podemos encontrar perfectos sonetos, versículos breves ao lado de longos versos ou poemas en prosa; case sempre prefiren o versolibrismo. Os poemas son moi traballados, buscan a perfección formal e non preocupa tanto a claridade nos contidos.

S11. **Lea o poema de Pilar Pallarés e responda:**

- *Polo coidado da linguaxe, a perfección formal e polo tema intimista: a señardade ou soidade.*
- *Proxección sentimental sobre unha paisaxe de chuvia, a soidade é puñal de tristeza, a choiva personificada devora metafórica e hiperbolicamente os horizontes; a tarde, que vai rematando no escurecer, é, nunha prodixiosa imaxe, unha tea que se esfiaña coa chuvia. Personificación de moitos elementos como o sol, a auga, o silencio etc.*
- *Os versos 2 e 3 son paralelísticos.*
- *Acumulación de eses /s/ para suxerir o silencio e a soidade.*

S12. **Escriba algunha obra dos seguintes poetas e adscribaos á corrente ou movemento estético ao que pertencen:**

- *Ramón Cabanillas: Vento mareiro, Da terra asoballada, Na noite estrelecida. Poeta das Irmandades de Fala.*
- *Fermín Bouza Brey: Nao senlleira. Neotrobadorismo.*
- *Álvaro Cunqueiro: Cantiga nova que se chama Riveira, Dona do corpo delgado. Neotrobadorismo.*
- *Manuel Antonio: De catro a catro. Creacionismo.*
- *Celso Emilio Ferreiro: Longa noite de pedra. Xeración do 36.*
- *Aquilino Iglesia Alvariño: Cómaros verdes. Xeración do 36.*
- *Luz Pozo Garza: O paxaro na boca, Verbas derradeiras. Promoción de Enlace.*
- *Antón Tovar: Arredores, O vento no teu colo, Calados esconxuros. Promoción de Enlace.*
- *Uxío Novoneyra: Os Eidos, Muller para lonxe. Poeta das Festas Minervais.*
- *Manuel María: Muiñeiro de brétemas. Terra Chá, Mar maior. Poeta das Festas Minervais (Escola da Tebra).*
- *Xosé Luís Méndez Ferrín: Voce na néboa, Con pólvora e magnolias. Poetas das Festas Minervais.*
- *Luís Seoane: Fardel del eisiliado, As cicatrices. Poesía do exilio.*
- *Lorenzo Varela: Lonxe. Poesía do exilio.*
- *Xavier Seoane: Iniciación e regreso, O canto da terra. Poesía da década dos 80.*
- *Miguel Anxo Fernán-Vello: Do desexo en corpo e sombra, Memorial de brancura. Poesía da década dos 80.*
- *Pilar Pallarés: Entre lusco e fusco. Poesía da década dos 80.*
- *Claudio Rodríguez Fer: Vulva. Poesía da década dos 80.*
- *Lois Pereiro: Poesía última de amor e enfermidade. Poesía da década dos 80.*
- *Yolanda Castaño: Elevar as pálpebras. Poesía da década dos 90.*
- *Olga Novo: Nós nus. Poesía da década dos 90.*
- *María do Cebreiro: Nós, as inadaptadas, Deserto. Tendencias actuais da lírica.*

S13. **Imos comentar un conto de Suso de Toro pertencente ao libro *Tic-Tac*.**

- *O título do fragmento é "Memoria", e todo o relato está centrado na figura do personaxe protagonista que vai lembrando a súa vida en diferentes etapas dende a súa vellez.*
- *No relato aparecen Roxello, o protagonista; a súa nai; Charo, a rapaza con quen casa e seica envellecen xuntos, os amigos da infancia Fito e Mocos e dise tamén que tivo un fillo.*
- *Evoca cando era un rapaz, un permiso da mili, de neno cos amigos. Todo contado dende un presente no que xa é vello e a súa muller, Charo, está na cama coa cadeira rota.*
- *Ao comezo da narración el está no cuarto da casa da súa nai, despois na cociña da súa casa, a seguinte lembranza sitúase na cociña da casa da infancia, a seguinte nas escaleiras da súa casa e a última no portal e na rúa.*
- *O "tempo narrativo" desta secuencia é de moitos anos. Poden ser setenta ou máis. Practicamente toda a vida de Roxello.*

S14. **Lea o texto de Manuel Rivas e responde:**

- *"Os libros arden mal, pero arden": con este auto de fe da Falanxe en pleno agosto do 36, produciuse unha queima cruel e desapiadada, queimáronse as raíces do pensamento e da formación futura. O expolio das bibliotecas públicas, dos ateneos culturais e das coleccións privadas –como a de Casares Quiroga, na rúa de Panadeiras– constitúe a grande metáfora que é a espiña dorsal de Os libros arden mal, a queima do futuro e das posibilidades dos novos, a desaparición de toda referencia para o pensamento, a formación e promoción das vindeiras xeracións tras da posguerra, caídas na involución e o retroceso cara ao que cada guerra nos leva –ou nos devolve–, no banzo primeiro da inxustiza e da incerteza que veñen da ignorancia forzada.*
- *Santiago Casares foi un político e avogado coruñés; nomeado ministro da Mariña coa chegada da República en 1931, no goberno provisional, e máis tarde ministro de Gobernación. Elixido deputado polas Cortes Constituíntes, seguiu sendo ministro de Gobernación durante o goberno socialista-republicano presidido por Manuel Azaña. Tras as eleccións de 1936 é nomeado ministro de Obras Públicas e, despois de que Azaña accedese á presidencia, converteuse en presidente do Goberno e ministro da Guerra.*
- *No capítulo 6 da primeira parte de O Quixote, cando Alonso Quijano regresa mallado da súa primeira saída, a ama e a sobriña piden ao barbeiro e ao cura que queimen os libros da biblioteca, aos que acusan de terlle secado o cerebro ao fidalgo. O cura e o barbeiro soben á biblioteca e comezan a elixir os libros que irán á fogueira, dos que se salvan poucos: Amadís de Gaula, Tirant Lo Blanc, A Galatea, do propio Cervantes, e pouco máis. Cando terminan, selan a estancia e, ao despertar don Quixote, cóntalle que a biblioteca desapareceu polo feitizo dun mago.*
- *Manuel Rivas (A Coruña, 1957), escritor e xornalista. A súa obra, escrita en galego, está traducida a máis de vinte idiomas e publicada polas máis prestixiosas editoras literarias do mundo. Como narrador ten publicado: Todo ben (1985), Un millón de vacas (1989), Os comedores de patacas (1991), En salvaxe compañía (1994), Que me queres, amor? (1996), O lapis do carpinteiro (1998), Ela, maldita alma (1999), A man dos paños (2000), As chamadas perdidas (2002), Madonna e outros contos de inverno (2015), Os libros arden mal (2006), Todo é silencio (2010), As voces baixas (2012) e O último día de Terranova (2015). Reuniu todos os seus contos no volume O máis estraño (2011). Tamén é autor dunha extensa obra xornalística e poética en lingua galega. Para o público infantil ten publicados os contos O sombreiro Chichiriteiro (2009), O raposo e a mestra (2013) e Bala Perdida (1997, Xerais, 2016). En 2015 publicou o poemario A boca da terra.*

S15. **Relacione as seguintes obras cos seus autores:**

- *Os camiños da vida, Arredor de si*: Ramón Otero Pedrayo.
- *Cousas, Os dous de sempre*: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.
- *O porco de pe*: Vicente Risco.
- *Dos arquivos do trasno*: Rafael Dieste.
- *Merlín e familia, Si o vello Sinbad volvese ás illas*: Álvaro Cunqueiro.
- *Xente ao lonxe, A esmorga*: Eduardo Blanco Amor.
- *Memorias dun neno labrego*: Xosé Neira Vilas.
- *Nasce un arbore*: Gonzalo Rodríguez Mourullo.
- *Amor de Artur, O crepúsculo das formigas*: Xosé Luís Méndez Ferrín.
- *Vento ferido, Ilustrísima*: Carlos Casares.
- *Adiós María*: Xohana Torres.
- *Crime en Compostela*: Carlos G. Reigosa.
- *A nosa cinza*: Xavier Alcalá.
- *Tic tac, Ambulacia*: Suso de Toro.
- *Galván en Saor*: Darío Xohán Cabana.
- *Os libros arden mal, O lapis do carpinteiro*: Manuel Rivas.
- *Amor de tango*: María Xosé Queizán.
- *Herba moura*: Teresa Moure.

S16. **Escriba os autores das seguintes obras teatrais:**

- *Os vellos non deben de namorarse*: Alfonso Rodríguez Castelao.
- *A soldadeira, Esquema de farsa*: Luís Seoane.
- *Farsas para títeres*: Eduardo Blanco Amor.
- *A ilusión da escena, O circo da media noite*: Manuel Lourenzo.
- *Zardigot*: Euloxio R. Ruibal.
- *Ladaíñas pola morte de Meco, Saxo tenor*: Roberto Vidal Bolaño.
- *A piragua*: Candido Pazó.
- *O achado do castro*: Manuel Núñez Singala.
- *O arce do xardín*: Roberto Salgueiro.

S17. **Realice o seguinte test de cultura literaria galega neste enderezo web:**

Pode atopar as solucións na mesma páxina premendo sobre o toque:
http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/test.htm

5.2 Soluciones a las actividades en lengua española

- S18. Ramón del Valle-Inclán inaugura con *Luces de bohemia* el esperpento, género literario que se caracteriza por la presentación de una realidad deformada y grotesca. Lea el siguiente fragmento de la obra:

- *En realidad, la cueva es una librería. Al presentarla como tal, el autor indica cómo es esta: lúgubre, oscura, sofocante. Su descripción le sirve también para aproximar al lector a la categoría moral de quien desarrolla sus actividades en ese espacio.*
- *Zaratustra se animaliza al ser igualado con los animales, con los que hace tertulia, y al describirlo como abichado y giboso en el aspecto físico; con bufanda de verde serpiente en cuanto a su vestuario, y, al decir que guarda la tienda, también en relación con sus acciones*
- *En la escena se humanizan los animales al señalarse que hacen tertulia con el librero y permitirles tomar la palabra en el diálogo, que mezcla la opinión de Zaratustra con la "conversación" de estos*

- S19. Lea el siguiente fragmento de *Niebla* de Unamuno y conteste.

- *Unamuno es uno de los escritores más importantes del grupo llamado la "Generación del 98," preocupados por el futuro de España ante el mundo moderno. El año 1898 fue en el que España perdió sus últimas colonias ultramarinas, hecho que provocó un examen de la situación histórica del país. Los escritores identificados con la Generación del 98 abogaban por una "europeización" de España. Para Unamuno esa europeización debía abarcar también una "españolización" de lo europeo.*
- *El narrador del fragmento de Niebla es el propio autor, que se presenta, además, como un personaje de la propia novela. Narra en tercera persona y conoce todo cuanto hace y piensa el personaje de Augusto, puesto que es creación suya.*
- *La obsesión de Unamuno que aparece en el fragmento es la de descubrir cuál es el sentido de la existencia, en contraposición a la muerte. Este rasgo se advierte en el texto, donde se habla de en qué consiste ser, existir. Además de este tema, en la lectura destaca la presencia de diálogo y el hecho de que el personaje se enfrente a su propio creador, que aparece como un personaje más. Todos estos rasgos lo alejan de la novela y lo convierten en nivola.*

- S20. Lea el "*Romance de la luna, luna*" de Federico García Lorca.

Vocabulario

- *Fragua*: fogón o lugar donde se hace fuego y se calientan los metales para forjarlos.
- *Polisón*: prenda que llevaban las mujeres bajo la falda para abultarla por detrás.
- *Nardos*: planta de flores blancas muy olorosas, reunidas en espigas, que se cultiva en los jardines y se emplea en perfumería.
- *Lúbrica*: propenso a la lujuria o que la provoca.
- *Estaño*: elemento químico, metálico y sólido.
- *Yunque*: instrumento de hierro acerado, que sirve para trabajar los metales.

- *Zumaya*: nombre que recibe en Andalucía el chotacabras, pájaro de mal agüero, según la tradición. Ave rapaz nocturna de pequeño tamaño, parecida al mochuelo.
- El poema pertenece a *Romancero gitano*, de la primera etapa de la poesía de Lorca, en la que la presencia de Andalucía o lo andaluz es constante. La obra está compuesta a partir de una visión metafórica y simbólica de Andalucía (luna, caballos, oro). La obra refleja las penas del pueblo gitano que vive al margen de la sociedad y en continua lucha con la autoridad represiva. Se trata de un retrato de la Andalucía trágica.
- El "Romance de la luna, luna" expresa la dramática muerte en soledad de un niño gitano.
- Lorca utiliza frecuentemente símbolos en su poesía. Se refieren muy frecuentemente a la muerte aunque dependiendo del contexto los matices varían bastante. Son símbolos centrales en Lorca:
 - *La luna*: es el símbolo más frecuente en Lorca. Su significación más frecuente es la de muerte, pero también puede simbolizar el erotismo, la fecundidad, la esterilidad o la belleza.
 - *El agua*: cuando corre, es símbolo de vitalidad. Cuando está estancada, representa la muerte.
 - *La sangre*: representa la vida, por ello, la sangre derramada es la muerte. Simboliza también lo fecundo, lo sexual.
 - *El caballo (y su jinete)*: está muy presente en toda su obra portando siempre valores de muerte, aunque también representa la vida y el erotismo masculinos.
 - *Las hierbas*: su valor dominante, aunque no único, es el de ser símbolos de la muerte.
 - *Los metales*: también su valor dominante es la muerte. Los metales aparecen bajo la forma de armas blancas, que conllevan siempre tragedia.
- Además de la luna, que ya hemos visto que para Lorca es símbolo de la muerte y aparece en el título del propio poema, es determinante de que algo malo va a suceder el canto de la zumaya, (vv. 29-30), animal que presagia el mal agüero.
- Como indica su propio nombre, el "Romance de la luna, luna" es un romance, poema compuesto por una serie indefinida de versos octosílabos con rima asonante en los pares y donde los impares quedan sueltos. Es un poema de carácter narrativo.

S21. Lea el siguiente fragmento de *La colmena* de Camilo José Cela:

- *En el texto se nos ofrecen tres fragmentos de la rutinaria vida cotidiana de tres personajes de la obra cuyas existencias son monótonas, pero con grandes diferencias económicas entre sí. Doña Rosa posee un floreciente negocio, pertenece a la clase acomodada. Don Roberto se sitúa en la clase media baja, pues vive a base de ahorro y privaciones. El niño que canta flamenco está en la marginación absoluta, lo que se conoce como lumpemproletariado.*
- *«Más humos...», «echo el cierre...» «No se despacha café ni a Dios...», «le doy morcilla o lo mato a palos». A través de estas expresiones coloquiales se manifiesta el talante violento de la dueña del café.*
- *Cada personaje ocupa una especie de celdilla en el gran panal que es la novela. La repetición del nombre de cada uno sirve para reforzar la presencia de cada personaje en su celda tipográfica a la par que subraya lo repetitivo de sus vidas.*

- S22. La novela *Tiempo de silencio* (1962) de Luis Martín Santos, marcó un cambio de rumbo en la novela española posterior a la Guerra Civil. Con ella se inaugura el periodo de renovación técnica que permitió a la narrativa nacional ponerse a la altura de lo que se escribía fuera de nuestras fronteras.

Vocabulario

- *Solemne*: celebrado o hecho públicamente con pompa o ceremonias extraordinarias.
- *Belfo*: cada uno de los dos labios del hombre, especialmente el inferior, cuando son muy abultados.
- *Expoliar*: despojar algo o a alguien con violencia.
- *Colindante*: limitrofe.
- *Onírico*: relativo al sueño.
- *Morrena*: montón de piedras y barro acumuladas por un glaciar.
- *Liturgia*: ritual de ceremonias o actos solemnes no religiosos.
- *Herrumbre*: óxido del hierro.
- *El texto es fundamentalmente descriptivo*: “¡Allí estaban las chabolas! Sobre un pequeño montículo...”; “La limitada llanura aparecía completamente ocupada por aquellas oníricas construcciones confeccionadas con...”; no obstante entre la descripción de los materiales con los que se han fabricado las chabolas se descubren fugaces apuntes **narrativos**: “ladrillos de gafa uno a uno robados en la obra y traídos en el bolsillo de la gabardina” o “con trozos redondeados de vasijas rotas en litúrgicas tabernas arruinadas...”; así como la alusión inicial a lo que hace Amador: “Amador se había alzado –como muchos años atrás Moisés sobre un monte más alto– y señalaba con ademán solemne...”.
- Amador es equiparado a Moisés, y las chabolas a la tierra prometida; se habla de “... el estallido de sus belfos gloriosos...”; se llama a las chabolas “soberbios alcázares de la miseria”.
- “Con trozos de manta que utilizó en su día el ejército de ocupación” se refiere probablemente al ejército francés durante la Guerra de la Independencia; “con latas amarillas escritas en negro del queso de la ayuda americana” alude a la ayuda que los Estados Unidos de América del Norte prestaron a España para su reconstrucción tras la Segunda Guerra Mundial.

- S23. Escriba al menos una obra de cada uno de los siguientes poetas y encuádrelos en un movimiento o tendencia literaria:

- *Rubén Darío*: Azul, Cantos de vida y esperanza. *Modernismo*.
- *Antonio Machado*: Soledades, galerías y otros poemas, Campos de Castilla. *Modernismo y Generación del 98*.
- *Juan Ramón Jiménez*: Diario de un poeta recién casado, Espacio. *Generación del 14*.
- *Vicente Aleixandre*: La destrucción o el amor, Historia del corazón. *Generación del 27*.
- *Luis Cernuda*: La realidad y el deseo. *Generación del 27*.
- *Federico García Lorca*: Poema del cante jondo, Romancero gitano, Poeta en Nueva York. *Generación del 27*.
- *Miguel Hernández*: El rayo que no cesa, Cancionero y romancero de ausencias. *Epígono del 27*.
- *Dámaso Alonso*: Hijos de la ira, Poesía desarraigada. *Años 40*.
- *Gabriel Celaya*: Las cartas boca arriba, Cantos íberos. *Años 50*.
- *Blas de Otero*: Pido la paz y la palabra. *Años 50*.
- *José Hierro*: Quinta del 42, Cuanto sé de mí. *Años 50*.

- *Ángel González: Palabra sobre palabra. Generación del 50.*
- *Jaime Gil de Biedma: Las personas del verbo. Generación del 50.*
- *Claudio Rodríguez: El don de la ebriedad. Generación del 50.*
- *José Ángel Valente: A modo de esperanza. Generación del 50.*
- *Pere Gimferrer: Arde el mar. Años 70.*
- *Luis García Montero: Completamente viernes, Vista cansada. Poesía posterior a 1975.*
- *Felipe Benítez Reyes: Pruebas de autor, Escaparate de venenos. Poesía posterior a 1975.*
- *Banca Andreu: De una niña de provincias que se vino a vivir en un Chagall. Poesía posterior a 1975.*
- *Ana Rosetti: Devocionario. Poesía posterior a 1975.*

S24. **Escriba los autores de las siguientes novelas:**

- *La familia de Pascual Duarte, La colmena: Camilo José Cela.*
- *Nada: Carmen Laforet.*
- *La Sombra del ciprés es alargada: Miguel Delibes.*
- *El Jarama: Rafael Sánchez Ferlosio.*
- *Entre visillos: Carmen Martín Gaité.*
- *Dos días de septiembre: J. M. Caballero Bonald.*
- *Tiempo de silencio: Luis Martín Santos.*
- *Señas de identidad: Juan Goytisolo.*
- *Volverás a Región: Juan Benet.*
- *Cinco horas con Mario Los santos inocentes: Miguel Delibes.*
- *La saga/fuga de J.B.: Gonzalo Torrente Ballester.*
- *La tabla de Flandes, El club Dumas: Arturo Pérez Reverte.*
- *La vieja sirena: José Luis Sampedro.*
- *Soldados de Salamina: Javier Cercas.*
- *La voz dormida: Dulce Chacón.*
- *Los girasoles ciegos: Alberto Méndez.*
- *Las edades de Lulú, Malena es un nombre de tango, El lector de Julio Verne: Almudena Grandes.*
- *El desorden de tu nombre: Juan José Millás.*
- *Juegos de la edad tardía: Luis Landero.*
- *La verdad sobre el caso Savolta, La ciudad de los prodigios: Eduardo mendoza.*
- *Corazón tan blanco, Mañana en la batalla piensa en mí, Los enamoramientos: Javier Marías.*
- *Plenilunio, Sefarad, Como la sombra que se va: Antonio Muñoz Molina.*

S25. **Escriba al menos una obra de los siguientes dramaturgos:**

- *Enrique Jardiel Poncela: Eloísa está debajo de un almendro.*
- *Miguel Mihura: Tres sombreros de copa, Maribel, Ninette y un señor de Murcia.*
- *Antonio Buero Vallejo: Historia de una escalera.*
- *Alfonso Sastre: Escuadra hacia la muerte.*
- *Lauro Olmo: La camisa.*

- Fernando Arrabal: *El cementerio de automóviles; Pic-nic* .
- Antonio Gala: *Anillos para una dama* .
- Fernando Fernán Gómez: *Las bicicletas son para el verano* .
- Jose Luis Alonso de Santos: *Bajarse al moro*
- Adolfo Marsillach: *Yo me bajo en la próxima, ¿y usted?*
- Paloma Pedrero: *El color de agosto*.
- Jordi Galcerán: *El método Grönholm*.

S26. **Poema de Pablo Neruda:**

- *Este poema muestra el dolor por la pérdida de la amada y la melancolía que se siente al evocarla.*
- *Los versos tienen 14 sílabas cada uno. Este tipo de versos se llaman alejandrinos.*
- *Hay una personificación: atribución de características y cualidades propias de los seres animados a seres inanimados.*
- *Habla de su voz, su cuerpo claro, sus ojos infinitos. Parece definirla por su voz y por su mirada sobre todo. Desconocemos otros rasgos físicos (salvo la blancura de la piel).*
- *Su nombre era Neftalí Ricardo Reyes.*
- *Respuesta libre. Creación.*

S27. **Lea el siguiente cuento de Jorge Luis Borges “Historia de los dos que soñaron”:**

- *El cuento de Borges está incluido en libro Historia universal de la infamia y está recogido en el apartado denominado “Etcétera”, en el que Borges reescribe fragmentos de obras de la literatura universal.*
- *Álvaro Cunquerio, que escribió Se o vello Simbad volvese ás illas, cuyo protagonista debe su nombre al famoso personaje de Las mil y una noches, Simbad el marino”.*
- *El “sueño” del primer ejemplo tiene que ver con “acto fisiológico” de dormir, mientras que el significado en el segundo caso alude al “acto de representarse en la fantasía de alguien, mientras duerme, sucesos o imágenes”.*
- *Respuesta libre.*

S28. **Lea el siguiente fragmento de Cien años de soledad de Gabriel García Márquez y responda a las cuestiones:**

- *El fragmento cuenta la desaparición de Remedios, la bella, personaje que debe su belleza física a la belleza de su alma y que es descrita en la novela como “un ser que no era de este mundo”. Mientras Remedios le ayuda a Fernanda a doblar una sábana, Fernanda nota que está pálida y le pregunta si se siente bien. Remedios le contesta que nunca se había sentido mejor y de repente comienza a levitar con la sábana y se despide de Fernanda con la mano mientras se eleva. No se puede decir que Remedios la bella muera, porque en ningún momento se menciona la palabra “muerte”. Lo que ocurre es que asciende a los cielos, como el ángel que siempre fue, demostrando una vez más que no era de este mundo:*
- *El realismo mágico es una corriente literaria de mediados del siglo XX que se caracteriza por la narración de hechos insólitos, fantásticos e irracionales en un contexto realista. El concepto de realismo mágico surge en*

el mundo de las vanguardias de Europa en los años veinte; más adelante fue incorporado en América por algunos novelistas destacados como el cubano Alejo Carpentier, entre otros.

- *El fragmento seleccionado es, todo él, un ejemplo de realismo mágico; la manera en que se cuenta la muerte de la protagonista pone de manifiesto que el mundo creado en la novela se constituye con base en una doble realidad, donde existe lo real y lo irreal, lo que conlleva una realidad mágica.*
- *Otros elementos del realismo mágico presentes en la novela :*
 - *La aparición de muertos,*
 - *La larga vida de Úrsula y los augurios de su muerte. Muere con más de 100 años y antes de fallecer, aparece una fila de luminosos discos anaranjados por el cielo, las rosas huelen a quenopodio y los garbanzos se caen al suelo en forma de estrella de mar.*
 - *El diluvio que duró más de cuatro años.*
 - *Una lluvia de minúsculas flores amarillas.*
 - *El nacimiento del último miembro de la familia con cola de cerdo...*

6. Bibliografía e recursos

Bibliografía

- GOMEZ SANCHEZ/QUEIXAS ZAS. Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra, 2001.
- L. BERNÁRDEZ, Carlos et al. *Literatura galega. Século XX*. Vigo, A Nosa Terra, 2001.
- TARRÍO VARELA, Anxo. *Literatura galega: aportacións a unha historia crítica*, Vigo., Xerais, 1994.
- VILAVEDRA; Dolores. *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo, 1999.
- VILAVEDRA, Dolores. *A narrativa galega na fin de século*, Galaxia, Vigo, 2010.
- MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís (Ed. de Sonsoles López) Ed. Xerais,
- *Historia y crítica de la Literatura Española*, dirigida por F. RICO. Tomos 6-7 (y sus suplementos). Edit. Crítica.
- MAINER, José-Carlos, *La Edad de Plata (1902-1939). Ensayo de interpretación de un proceso cultural*. Madrid, Cátedra, 1981, 4.ª ed., 1987.
- RUIZ RAMÓN, FRANCISCO. *Historia del teatro español. Siglo XX*, Edit. Cátedra, Madrid, 1986.
- DIEGO, GERARDO (ed.) (1932 y 1934). *Poesía española contemporánea*. Madrid, Taurus, 1991.
- GARCÍA DE LA CONCHA, VÍCTOR (ed.). *Antología comentada de la Generación del 27*. Madrid: Austral, 1998.
- PAULINO AYUSO, José (ed.): *Antología de la poesía española del siglo XX*. Vol. I. 1900-1939. Vol. II: 1940-1980. Madrid: Castalia, 1996-1998.
- VILLANUEVA, Darío (ed.). *La novela lírica*. (2 vols.), Madrid, Taurus, 1983.

Dicionarios on line

- [Dicionario da Real Academia Galega](#)
- [Diccionario de la Real Academia Española](#)
- [Diccionario literario](#)



Ligazóns de Internet

- <http://www.bivir.com>
- <http://www.adn.es>
- <http://www.anosaterra.org>
- http://www.poesiagalega.org/nc/indice_de_autorases_e_titulos
- <http://literaturagalega.as-pg.gal/>
- <http://www.elpais.com>
- <http://lv.galiciae.com>
- <http://www.auladeletras.net/material/novela.pdf>
- <https://litebrno.wordpress.com/2009/03/09/novela-espanola-de-postguerra/>

7. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
<p>RECURSO 1</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://praza.gal/cultura/13078/c-en-anos-da-nosa-terra-voceiro-galeguista-coa-marca-da-boa-prensa/ 	<p>RECURSO 2</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://ourensenotempo.blogspot.com.es/2011/10/dia-de-nos.html
<p>RECURSO 3</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.museo.depo.es/persoairos/castelao/es.99000100.html 	<p>RECURSO 4</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.todocoleccion.net/libros-clasicos-segunda-mano/os-dous-sempre--castelao-x26381757
<p>RECURSO 5</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.ui1.es/blog-ui1/las-misiones-pedagogicas-el-ejercicio-de-la-inclusion-social/ 	<p>RECURSO 6</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.20minutos.es/noticia/2747500/0/musica-recitales-actos-institucionales-para-recordar-manuel-maria-17-mayo/
<p>RECURSO 7</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.farodevigo.es/suscriptor/sabado/2015/03/21/repression-franquista-instituto-vigo-3/1205794.html 	<p>RECURSO 8</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.farodevigo.es/sociocad-cultura/2013/04/12/columnas-gallego-alvaro-cunqueiro-reunen-primera-vez-libro/789586.htm
<p>RECURSO 9</p>	<ul style="list-style-type: none"> Autoría: Santos Diez (Ollo de Vidro-ACAB) Licenza: Wikimedia Commons Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Xos%C3%A9_Neira_Vilas_(AELG)-4.jpg 	<p>RECURSO 10</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.cultura.gal/es/nova/18801
<p>RECURSO 11</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.publico.es/politica/fernan-vello-disculpa-tuit-lamaba.html 	<p>RECURSO 12</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.escriitores.org/biografias/240-manuel-rivas
<p>RECURSO 13</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.cultura.gal/es/nova/11111 	<p>RECURSO 14</p>	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://cultura.elpais.com/cultura/2014/11/26/actualidad/1417011375_588648.html

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 15	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.upf.edu/web/elensayoliterario/machado 	 RECURSO 16	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.poetica2puncocero.com/el-juego-de-espejos-de-valle-inclan/
 RECURSO 17	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://lenguacantely.blogspot.es/ 	 RECURSO 18	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://lapiedradesisifo.com/2016/02/23/las-sinsombbrero-la-otra-cara-de-la-generacion-del-27/
 RECURSO 19	<ul style="list-style-type: none"> Licenza: Wikimedia Commons Procedencia: https://es.wikipedia.org/wiki/Miguel_Hern%C3%A1ndez 	 RECURSO 20	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.rtve.es/alacarta/videos/telediario/2012-se-cumplen-10-anos-muerte-jose-hierro-90-su-nacimiento/1382204/
 RECURSO 21	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.biografiasyvidas.com/biografia/l/laforet.htm 	 RECURSO 22	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.biografiasyvidas.com/biografia/m/martin_gaite.htm
 RECURSO 23	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://twitter.com/lgm_com 	 RECURSO 24	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.lespanol.com/personajes/almudena_grandes/
 RECURSO 25	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://nosotrxs.com/2015/09/el-dia-que-pablo-neruda-descubrio-que-habia-violado/ 	 RECURSO 26	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.lavanguardia.co.hemeroate/20160615/402519668733/jorge-luis-borges-muerte.html
 RECURSO 27	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: https://www.biografiasyvidas.com/biografia/c/cortazar.htm 	 RECURSO 28	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://www.playgroundmag.net/cultura/books/terminara-cumplan-Cien-soledad_0_1984601536.html
 RECURSO 29	<ul style="list-style-type: none"> Procedencia: http://caracteristicas.org/caracteristicas-realismo-magico/ 		